d) As modificacións lexislativas tendentes a reforzar e facilitar a adopción de medidas tendentes ao desaloxo de inmobles dende o primeiro momento de apreciación de indicios de infracción penal, concretamente posibilitar que no prazo de 12 horas, dende que se teña denunciado a ocupación ilegal dunha vivenda, os Corpos e Forzas de seguridade do Estado podan desaloxar ese inmovible; así como para mellorar a convivencia veciñal conferindo medios de defensa xurídica ás comunidades de propietarios, co fin de corrixir un grave problema social e de convivencia xerado por mor destas actividades ilegais contrarias ao dereito á propiedade e á seguridade das persoas e cousas.

3.- Naqueles casos en que os ocupantes sexan familias en risco de exclusión social, arbitrar, en colaboración cos concellos, as medidas necesarias para o seu realoxo a través dos distintos programas postos en marcha pola Xunta de Galicia”.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/09/2020 12:41:03

Paula Prado del Río na data 22/09/2020 12:41:20

José Manuel Rey Varela na data 22/09/2020 12:42:06

María Sol Díaz Mouteira na data 22/09/2020 12:42:29

José Alberto Pazos Couñago na data 22/09/2020 12:42:47

María Elena Candia López na data 22/09/2020 12:42:58

Ramón Carballo Páez na data 22/09/2020 12:43:25

Martín Fernández Prado na data 22/09/2020 12:43:41

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 22/09/2020 12:44:12

Daniel Vega Pérez na data 22/09/2020 12:44:24

Marta Nóvoa Iglesias na data 22/09/2020 12:45:13

Cristina Sanz Arias na data 22/09/2020 12:45:31

José Manuel Balseiro Orol na data 22/09/2020 12:46:43

Sandra Vázquez Domínguez na data 22/09/2020 12:46:59

Noelia Pérez López na data 22/09/2020 12:47:14

Borja Vereza Fraiz na data 22/09/2020 12:47:40

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López** e da deputada **Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto no artigo 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre a situación de XEAL-FERROATLÁNTICA, polo **trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola preocupación social xerada polo anuncio de aplicar un ERTE ao persoal das fábricas de Ferroatlántica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 16 de setembro a empresa XEAL comunicou ao comité de empresa a súa intención de aplicar un ERTE ao persoal das fábricas de Ferroatlántica de Cee, Dumbría e das Centrais Hidroeléctricas a partir do 24 de setembro.

Un novo fito do Grupo Villar Mir, agora baixo unha nova aparencia fraudulenta, no expediente de agresións ao persoal das empresas que controla na Costa da Morte, e dada a entidade deste colectivo, contra toda a Comarca.

O primeiro que debemos manifestar é que o feito de pretender aplicar un ERTE negociado antes da venda dos centros produtivos, e polo tanto con outra representación do persoal, e en outro ámbito territorial, evidencia unha falta total de respecto polo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

marco legal vixente na materia, polos foros de negociación propios dos centros de traballo onde a medida se quere aplicar, e polo tanto unha falta total de respecto polo seu persoal, e pola autoridade laboral competente por razón do territorio, neste caso a Xunta de Galiza, coa clara intención de represaliar a un colectivo que se ten distinguido na defensa dos seus lexítimos intereses que son, ademais, os de todo o tecido socio-económico da comarca onde se asentan os centros.

E en segundo lugar, manifestar tamén con toda rotundidade que a paralización dos fornos e da produción nos centros de Cee e Dumbría, en comparación coa plena actividade dos outros centros da empresa, evidencia un incumprimento grave e continuado das súas obrigas co mantemento do emprego nos anteditos centros de traballo e na comarca da Costa da Morte, condicións substanciais das autorizacións administrativas do aproveitamentos hidráulicos do río Xallas.

Urxe unha actuación da Xunta de acordo cos representantes do persoal dos centros afectados, na que poida compartir información sobre o nivel de ocupación nos outros centros do grupo empresarial, o nivel de dependencia do proxecto empresarial de XEAL na Costa de Morte das empresas do Grupo Villar Mir e o risco que isto supón, a utilización das Centrais Hidroeléctricas en contra dos criterios pactados con anterioridade e vinculadas á viabilidade do proxecto e ao mantemento do volume de emprego, así como o incumprimento da obriga de realizar investimentos que garantisen o futuro das fábricas e da ocupación.

Mais sobre todo, constatar que a parada da maioría dos fornos e o nivel de produción actual, e polo tanto de ocupación, supoñen un grave risco para a pervivencia das fábricas e para o futuro de toda unha comarca.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Por todas estas razóns, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª polo trámite de urxencia:

“1. O Parlamento de Galiza acorda, por resolución, expresar a súa solidariedade cos traballadores e traballadoras de XEAL Ferroatlántica, e comprométese na defensa do mantemento do emprego e da capacidade produtiva en todos os centros do país.

2. O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta de Galiza a:

a. Demandar de XEAL que desista da aplicación do ERE anunciado.

b. Demandar de XEAL a reactivación inmediata dos fornos e a recuperación do volume previo de ocupación e de emprego.

c. Demandar a viabilidade das plantas tanto en Cee-Dumbría como en Sabón, mantendo os postos de traballo, a actividade produtiva e os investimentos precisos para cumprir cos requisitos de cesión.

d. De non cumprirse as anteriores demandas a Xunta de Galiza deberá iniciar o proceso de reversión das concesións hidroeléctricas do río Xallas.”

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2020

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 23/09/2020 12:14:44

Daniel Pérez López na data 23/09/2020 12:14:54

María do Carme González Iglesias na data 23/09/2020 12:15:03

Ana Pontón Mondelo na data 23/09/2020 12:15:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Ramón Fernández Alfonso, M^a Carme González Iglesias, Daniel Pérez López e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 98 no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6^o polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada polos últimos acontecementos de bloqueio da situación de Alcoa San Cibrao e as súas repercusións para Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde que o 17 de outubro do 2018 a empresa Alcoa anunciara aos cadros de persoal de Coruña e Avilés así como publicamente a súa intención de pechar as instalacións da empresa foron diversas as demandas das e dos traballadores e os debates políticos arredor de como arbitrar unha saída que supoña o mantemento dos postos de traballo e da actividade industrial, ao considerar o sector do aluminio como estratéxico. Unha preocupación e unha mobilización que se estendeu a Alcoa-San Cibrao, que desde entón tivo enriba a espada de Damocles dun posíbel peche e que afrontou diversos episodios de redución da produción.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No verán de 2020 fóronse precipitando os acontecementos e malia que o 13 de agosto Alcoa adoptaba o compromiso de asumir a mediación das administracións galega e estatal para unha posíbel compra, a realidade dos feitos posteriores amosou a pouca disposición do grupo malia a existencia de ofertas sobre a mesa.

No momento de asinar esta iniciativa o presidente de Alcoa en España, Álvaro Dorado, descartaba que a compañía poida chegar a un acordo con Liberty antes do 27 de setembro, data límite. Polo tanto, nestas circunstancias extremas cómpre activar todas as alternativas posíbeis para evitar un peche que tería unhas consecuencias brutais e optar porque os poderes públicos asuman a necesidade de ter un papel activo na economía e apostar pola intervención pública, viábel no ordenamento xurídico galego, estatal e europeo.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a demandar do goberno central as seguintes actuacións:

1. Apostar, en relación con Alcoa San Cibrao, no caso de non prosperar unha alternativa garantista de venda, pola intervención pública, en colaboración coa Xunta de Galiza, para a nacionalización da planta de aluminio de forma que se garanta a continuidade da actividade e dos postos de traballo.
2. Aprobar de forma inmediata e sen máis dilacións un Estatuto do Consumidor electrointensivo que realmente supoña unha solución para o sector da industria electrointensiva, é dicir, que garantice un prezo estábel, predicíbel e asumíbel.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para iso, será necesario mellorar o borrador presentado, actuando sobre a peaxe de transporte, cunha bonificación do 100% e tamén coa subida ao 100% a bonificación dos cargos xa previstos e complementariamente elevando ao máximo permitido a compensación por CO2.

3. Facilitar a creación dunha Tarifa Eléctrica Galega, dada a condición de país produtor excedentario de enerxía eléctrica, que permita abaratar o custo da electricidade tanto para as empresas como para os particulares.”

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Ramón Fernández Alfonzo

M^a Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 23/09/2020 12:57:39

Ramón Fernández Alfonzo na data 23/09/2020 12:57:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 23/09/2020 12:57:58

Noa Presas Bergantiños na data 23/09/2020 12:58:07

Ana Pontón Mondelo na data 23/09/2020 12:58:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 98 no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, relativa á situación do Plan de Saúde Mental anunciado polo Presidente da Xunta no debate de investidura.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola preocupación existente diante da desplanificación da atención á saúde mental.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da saúde mental en Galiza, podemos cualificala como mínimo de parálise, non ten actuado, non ten atendido as necesidades, non planificou e non adicou o orzamento preciso. Foi unha das grandes esquecidas nos 11 anos de Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza, algo incomprensíbel dado o enorme número de persoas con necesidade de atención e as demoras. Non ten actuado a pesares dos indicadores que mostran un medre progresivo, grave empeoramento da mesma na poboación, coas consecuencias de sufrimento humano, de perda de vidas e dos custes sociais, laborais e sanitarios,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Durante o debate de investidura, o candidato á Presidencia da Xunta afirmou que “nesta lexislatura imos desenvolver o maior Plan de Saúde Mental da nosa historia. Crearemos novas unidades (por exemplo no ámbito da atención infantil e xuvenil) e o Servizo Galego de Saúde xa ten prevista a contratación de 240 profesionais para poder prestar unha mellor atención ás persoas con problemas de saúde mental”.

Diante desta afirmación, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que presente no Parlamento galego no actual período de sesións o Plan de Saúde Mental anunciado polo Presidente da Xunta e que no mesmo se contemple a dotación orzamentaria, persoal, cronograma de aplicación e avaliación, para poñer fin á desplanificación e dano á saúde e aos recursos sanitarios e sociais realizados nos últimos once anos.”

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2020

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 24/09/2020 13:32:32

Iria Carreira Pazos na data 24/09/2020 13:32:37

María Montserrat Prado Cores na data 24/09/2020 13:32:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 98 no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola preocupación social diante do gromo de COVID-19 na nave de Avigal no polígono de Cambados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vén de ser coñecida a existencia dun gromo masivo de coronavirus na empresa Avigal situada no polígono industrial Sete Pías do concello de Cambados. A día de hoxe son máis de 100 as persoas afectadas entre traballadorxs, familiares e contactos.

É moita a preocupación no conxunto da comarca do Salnés, toda vez que as persoas que traballan nesta empresa residen en diferentes concellos da comarca e todo indica que poden ser moitas as persoas asintomáticas que estiveron días desenvolvendo actividades cotiáns con normalidade pola comarca, co que significa de multiplicación de contactos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo a información recollida nos medios de comunicación os días 12 e 13 de setembro xa había traballadorxs con síntomas, traballadorxs con contactos con positivos que seguiron traballando, que a pesar desta situación mantiveron a actividade produtiva e até o sábado 26 non se pechou a empresa para proceder a limpar e desinfectar a nave a fondo.

Esta situación fixo saltar todas as alarmas e son moitos os interrogantes sobre como se ten actuado que precisan resposta. Detectar xs positivxs, identificalxs, illalxs e facer seguimento dos contactos é unha carreira contra o tempo, e a magnitude do gromo parece indicar que non se actuou con celeridade.

Se unha empresa ten casos de positivos o normal é que de inmediato se tomen medidas drásticas para protexer a saúde das persoas que traballan nela e cortar a cadea de contaxios: realizar probas a todo o persoal, illamento inmediato dos contactos, desinfección das instalacións e parar a produción se hai un número de positivos que fan sospeitar un contaxio xeneralizado.

Todo indica que nada diso se ten realizado na nave de Avigal en Cambados; todo indica que tanto a empresa como a Xunta coñecían desde había días a existencia de positivos, a pesar do cal continuouse traballando, pon en evidencia que a empresa primou a actividade fronte á saúde dxs traballadorxs e que o Sergas sabía deste gromo e non actuou.

Este contaxio masivo prodúcese nun contexto de tensión e nerviosismo xeneralizado nas empresas pola situación de desprotección e desamparo no que se atopa a clase traballadora diante do risco de contaxio pola COVID-19.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O BNG non acepta que se pretenda desviar a responsabilidade cara teóricas actuacións individuais dxs traballadorxs como orixe dos contaxios; moi ao contrario o que está a acontecer en Avigal ten que servir para analizar como están actuando os responsábeis das empresas e a Administración, que están facendo para prever contaxios no ámbito laboral, que seguimento e inspeccións se realizan para verificar a implementación e cumprimento de protocolos de prevención, para garantir distancias de seguridade nos postos de traballo, vestiarios que permitan cambiarse con condicións de hixiene, existencia de materiais de protección, de hidroxelos para desinfeccións, espazos axeitados para os descansos...

É preciso rematar coa situación de que diante da sospeita de contaxio xs traballadorxs teñen que enfrontarse a toda unha carreira de obstáculos para conseguir ser atendidxs. As mutuas non se están responsabilizando da realización de probas de detección de Covid-19, son xs propixs traballadorxs os que teñen que acudir xs médicxs de familia.

Consideramos imprescindible saber que fallou para que practicamente a totalidade do cadro de persoal dunha empresa con máis de 100 traballadorxs acabe contaxiándose e con elxs a moitxs veciñxs da comarca do Salnés, por esta razón o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Poñer en marcha todas as accións precisas para garantir a saúde laboral da clase traballadora galega diante do risco de contaxio pola COVID-19: prever contaxios no ámbito laboral, seguimento e inspeccións para verificar a implementación e cumprimento de protocolos de prevención, para garantir distancias de seguridade nos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

postos de traballo, existencia de vestiarios que permitan cambiarse con condicións de hixiene, existencia de materiais de protección, de hidroxelos para desinfeccións, espazos axeitados para os descansos...

2.- Realizar unha investigación, e presentar as conclusións no Parlamento, no que se esclarezca o acontecido na nave da empresa Avigal no polígono industrial “Sete Pías” de Cambados; data de coñecemento do primeiro positivo, actuacións realizadas pola empresa e polo Sergas e en que datas, rastrexos realizados e quen os realiza...

3.- Depurar as responsabilidades que corresponda, tanto no ámbito da empresa como do Sergas.

4.- Rematar coa opacidade e escurantismo na transmisión da información e polo tanto facilitar os datos con claridade e transparencia: número de casos novos diarios, tipo de test que se están realizando e a cantas persoas, datos por concellos, acumulado histórico...”

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 28/09/2020 11:26:57

Olalla Rodil Fernández na data 28/09/2020 11:27:04

Iria Carreira Pazos na data 28/09/2020 11:27:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Manuel Antonio Lourenzo Sobral, Daniel Castro García,** e **Mercedes Queixas Zas,** ao abeiro do disposto no artigo 98 no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª polo trámite de urxencia,** relativa á discriminación do alumnado de bacharelato con ensino semipresencial.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de adoptar medidas urxentes diante do inicio do curso escolar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A consellaría de educación publicou o 16 de setembro de 2020, data inicialmente prevista para o inicio do curso, unha orde que prevé a posibilidade de ensinanza semipresencial, con carácter excepcional, nas ensinanzas de bacharelato, formación profesional e ensinanzas de réxime especial.

Segundo os datos dispoñíbeis, esta modalidade implantouse en varios institutos de Galiza, varios da cidade de Pontevedra e tamén noutros como IES como o Castro Alobre en Vilagarcía de Arousa, provocando o malestar e a protesta de nais e pais e do alumnado, por entender que se produce unha situación de discriminación con respecto á





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

maioría dos institutos de Galiza debido á redución de xornada lectiva de 32 a 15 horas semanais. Ademais, nalgúns casos as clases serán en horario de tarde, o que dificulta a conciliación con outras actividades educativas e deportivas.

Esta situación de docencia semipresencial supón unha evidente desigualdade no acceso á educación e un grave prexuízo para a alumnado, que non vai dispoñer de atención educativa *on line* nas 17 horas restantes. E ademais, constitúe un evidente incumprimento da normativa vixente, que establece a docencia de 32 horas nos cursos de bacharelato. Este feito ten unha maior relevancia no Bacharelato, xa que o estudantado ten que presentarse á ABAU e a menor carga lectiva e redución da docencia presencial pode ter unha incidencia directa na preparación dunhas probas que son decisivas para o futuro.

A solución implantada pola administración educativa responde unicamente a un criterio de aforro económico: en lugar de facer desdobres e contratar máis profesorado, recórrese a solucións de ensino *low cost* como a semipresencialidade con horario reducido ou a colocación de mamparas.

Ademais dos evidentes prexuízos para o alumnado que leva consigo esta medida, está a producir como efecto derivado perverso o transvase de alumnado de bacharelato para centros privados.

Por este motivo, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Garantir a igualdade de oportunidades e as mesmas condicións lectivas para todo o estudantado, con medidas como a implantación de desdobres e a contratación de máis profesorado.

2. No caso do estudantado de bacharelato, garantir que todos os centros educativos ofrezan a modalidade de ensino presencial co horario completo de 32 horas lectivas, rematando coa discriminación que sofre o alumnado que comezou o curso con modalidade semipresencial e xornada reducida.”

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 28/09/2020 11:35:17

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/09/2020 11:35:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 28/09/2020 11:35:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Carmen Aira Díaz, Montserrat Prado Cores e Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 15 de setembro a Xerencia da EOXI de Lugo, Cervo, Monforte fixo pública a decisión de centralizar a asistencia sanitaria que se dá os sábados pola mañá no Concello de Lugo nun único centro de saúde da cidade, o de Fingoi, no que se centralizará todo o persoal dos centros de saúde de Lugo para dar asistencia a unha poboación que se achega aos 100.000 habitantes.

Esta decisión, adoptada de maneira unilateral pola dirección da EOXI, fará que nun mesmo espazo traballen, de maneira conxunta, as equipas completas de seis centros de saúde (Fingoi, Sagrado Corazón, A Milagrosa, Illas Canarias, Praza de Ferrol e San Roque). Ademais, a centralización da atención á poboación en Fingoi, obrigará a unha parte importante da poboación local a desprazarse até un barrio periférico para recibir asistencia, incluídas as parroquias do rural de Lugo.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Así mesmo, a dirección da EOXI non negociou co persoal dos centros de saúde nin coas organizacións sindicais que o representan unha decisión que supón importantes mudanzas nas súas condicións de traballo.

Centralizar a atención sanitaria da poboación nun único centro de saúde é unha decisión que merma a calidade do servizo público, que debe garantir a proximidade, e supón un prexuízo para a veciñanza en calquera situación. Porén, aínda é máis cuestionábel nun contexto coma o actual marcado pola pandemia da COVID-19.

É evidente que nunha situación de emerxencia sanitaria na que de maneira acertada se teñen implantado importantes medidas de distanciamento físico e limitación de aforos, acumular persoal e pacientes nun único centro de saúde supón unha importante contradición que mesmo podería pór en risco ao persoal e ás persoas usuarias.

Neste senso, para o Bloque Nacionalista Galego resulta incomprensíbel e inaceptábel esta centralización que non é senón un chanzo máis no empeoramento da grave situación da Atención Primaria en Galiza que adoece de falta de recursos económicos, materiais e humanos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a revocar a decisión de centralizar no centro de saúde de Fingoi a asistencia sanitaria os sábados pola mañá e a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recuperala nos distintos centros de saúde do Concello de Lugo garantindo unha atención próxima e accesíbel á veciñanza que atenden.”

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2020

Asdo.: **Daniel Castro García**

Carmen Aira Díaz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 18/09/2020 10:24:52

María del Carmen Aira Díaz na data 18/09/2020 10:25:08

María Montserrat Prado Cores na data 18/09/2020 10:25:26

Daniel Castro García na data 18/09/2020 10:25:35



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noa Díaz Castro, Isaura Abelairas Rodríguez, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Ante a crise da COVID-19 hai que tomar todas as medidas que protexan a saúde e aos sectores de poboación máis desfavorecidos. A crise da COVID-19 fixo saltar as alarmas sanitarias en moitos sectores e ámbitos sociais e económicos e, recentemente, comunidades autónomas como Castela-A Mancha, Cataluña ou Estremadura adoptaron a decisión de pechar locais de prostitución, prostíbulos, nos que se pon en perigo a saúde das mulleres e desde onde resulta moi complicado, senón imposible, seguir o rastrexo de contaxios producidos neses establecementos. No Grupo Parlamentario Socialista consideramos axeitada esa decisión polos posibles riscos sanitarios que se puidesen provocar, ademais de que mantemos un compromiso claro cos dereitos e liberdades das mulleres contrario a prostitución como forma de escravitude e de violencia que atenta contra os dereitos humanos.

Todas as decisións que defendan a saúde fronte á COVID-19 son importantes, e desde logo protexer a saúde das mulleres é imprescindible. A COVID-19 implica enormes riscos nos prostíbulos. Certo é que non existen datos fiables acerca da realidade dos locais de prostitución en Galicia, entre outras cuestións porque a Administración autonómica non abordou o tema con interese, apelando ás fórmulas legais que son utilizadas por cada un destes establecementos, tan variadas como complicadas de fiscalizar.

Se ben o desexable sería que logo da recomendación das autoridades sanitarias de pechar pola pandemia este tipo de locais de explotación sexual esa decisión se convertese en definitiva, recoñecéndose así o dereito á dignidade e liberdade que temos todas as mulleres, apelamos nesta ocasión



á pandemia para reclamar a clausura dos prostíbulos en Galicia polo risco que implican para a saúde, ademais de que sempre defendamos a liberdade e dereitos das mulleres fronte a calquera tipo de explotación sexual.

A orde de peche debe ir, iso si, acompañada dunha liña de acción urxente de asistencia, dotada cos suficientes recursos económicos, dirixida ás mulleres que alí son explotadas sexualmente e que contemple ferramentas para solucións inmediatas. Esas mulleres quedan nunha situación de total desamparo legal, con circunstancias vitais, económicas e sociais, terriblemente complicadas que precisan do apoio e acompañamento dos poderes públicos.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a pechar os locais de explotación social que por mor da pandemia poñen en risco a saúde das mulleres e, paralelamente, pór en marcha un plan inmediato de asistencia e acompañamento para esas mulleres.

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2020

Asdo.: Noa Díaz Varela

Isaura Abelairas Rodríguez

Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialista de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



Noa Susana Díaz Varela na data 18/09/2020 10:08:31

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 18/09/2020 10:08:43

Marina Ortega Otero na data 18/09/2020 10:08:57

Julio Torrado Quintela na data 18/09/2020 10:09:07

Gonzalo Caballero Míguez na data 18/09/2020 10:09:16



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Noa Díaz Varela, Paloma Castro Rey e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

A crise da Covid-9 afectou significativamente de maneira negativa a moitos sectores da poboación galega, minguando a capacidade adquisitiva de familias que viron reducidos os seus ingresos na súa actividade económica ou noutros casos atopándose de maneira repentina nunha situación de desemprego.

Esta situación derivou sen dúbida en graves dificultades para sufragar os gastos de desprazamento ou vivenda que supoñen ter un fillo ou filla (ou varios) estudando en calquera das tres universidades públicas galegas.

O problema agrávase co clima de incerteza no que se move toda a contorna educativa, que se ve obrigada a ir modificando os seus protocolos sanitarios e de seguridade en función das distintas casuísticas que se van producindo. Así, as universidades presentaron hai meses os seus plans de continxencia de acordo a distintos escenarios pandémicos e agora, xa co comezo do curso académico, iranos implementar en función da situación sanitaria e das posibilidades que existan na colaboración necesaria con outras entidades que teñen os seus propios protocolos.

Este marco incerto no que se moven as institucións universitarias afecta de maneira moi directa á comunidade estudiantil, que no mes de xuño tiña unhas necesidades de alugueiro de vivenda que hoxe, segundo os novos protocolos, poden non ser xa oportunas. Existen carreiras que acaban de anunciar unha semipresencialidade con asistencia ás clases moi escasa ou ben a non presencialidade, pero que non renuncian a volver á normalidade cando isto sexa posible. Deste xeito, alumnado matriculado neses estudos atópase de repente coa obriga de pagar un alugueiro dunha vivenda que neste momento non precisa pero pode que si máis adiante.

A Xunta de Galicia convoca cada ano unha liña de axudas destinadas ao alumnado do sistema universitario galego que, por causas sobrevidas e imprevistas ocorridas ao longo do curso académico, teña dificultades económicas para continuar os seus estudos. Porén, esta liña de axudas, para a que o prazo de



solicitud rematou en xullo, non inclúe esta situación excepcional da Covid-19 nin a provisionalidade da configuración académica das carreiras que inflúe directamente en cuestións loxísticas para o alumnado como pode ser o alugueiro.

Do mesmo xeito, a cancelación dos alugueiros por parte da comunidade estudantil nas cidades sedes universitarias influiría negativamente na súa propia economía local.

Diante desta situación anormal de provisionalidade, ao Grupo Parlamentario do PSdeG parécenos axeitado que desde o Goberno galego se estableza unha liña de axudas, proporcionais e provisionais, para ese alumnado que xa tiña alugada unha vivenda para cursar os seus estudos universitarios pero que, dadas as circunstancias pandémicas actuais e a organización académica das carreiras formulada posteriormente, non van ter que facer uso del ata que se normalice a situación de pandemia e as universidades públicas galegas adopten outros criterios. Deste xeito, contribuiríase a aliviar a precaria situación económica de moitas familias galegas.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a convocar unha liña de axudas provisionais para aquel alumnado universitario que xa ten alugada unha vivenda pero que, durante o tempo que determinen as universidades a configuración non presencial dos estudos, non vai ter que facer uso dela.

Pazo do Parlamento, 17 de setembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 18/09/2020 11:11:02

Paloma Castro Rey na data 18/09/2020 11:11:22

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/09/2020 11:11:34





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2020 11:16:38
Nº Rexistro: 2172
Data envío: 18/09/2020 11:16:38.129

Gonzalo Caballero Míguez na data 18/09/2020 11:11:50



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Luís Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

Que o inicio do curso 2020/2021 vén precedido por un nivel de incerteza sen precedentes como consecuencia da pandemia provocada pola Covid-19 e tamén da actuación errática e indefinicións da Consellería de Educación, Universidade e Cultura é algo que na data de presentación desta iniciativa parece fóra de toda cuestión.

Tería sido necesario, mesmo imprescindible, prever diferentes escenarios aos que se adaptar dependendo das circunstancias sanitarias que se poidan dar. A proba de que esa previsión era pertinente é que varias comunidades autónomas a fixeron ao longo dos meses de xullo e agosto, previos ao inicio de curso.

O último feito protagonizado por esta consellería é a publicación no DOG do 17 de setembro da *Orde do 16 de setembro de 2020 pola que se ditan instrucións sobre o comezo do curso académico 2020/21 e pola que se modifica a Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*.

Esta orde prevé no seu artigo 3, apartado 4 o desdoblamento de grupos como medida organizativa posible no caso de que non poida manterse a distancia de 1,5 metros entre as persoas no centro educativo. Esta posibilidade que tiña que ser tido contemplada, por obvia, con moita máis anterioridade supón que centros con un elevado número de alumnos estean a optar por establecer horarios diferenciados para a educación secundaria obrigatoria (matinal) e bacharelato (vespertino) para, precisamente, levar a cabo desdobramentos.

Esta modalidade organizativa supón un problema para o alumnado de bacharelato e as súas familias xa que, como é sabido, empregaban os transportes escolares dos centros conxuntamente co alumnado de educación secundaria obrigatoria. Obviamente ese uso simultáneo non se poderá levar a cabo neste curso no caso de horarios diferenciados.

Aínda que se sabe que o bacharelato non é unha etapa educativa obrigatoria e polo tanto o alumnado non ten dereito ao uso do transporte escolar, é sobradamente coñecido que o alumnado que o cursa emprégao e así se recoñece como posibilidade nas sucesivas instrucións sobre a xestión do servizo de transporte escolar que veñen establecendo que o alumnado de bacharelato, ciclos formativos medios e superiores de FP e programas similares aínda que non ostenta a condición de usuario lexítimo do transporte escolar,



pode excepcionalmente facer uso do transporte escolar gratuíto, sempre que concorran os seguintes requisitos: que existan prazas vacantes, que non comporte a modificación das rutas, que non supoña a creación de novas paradas e que non incremente a duración do traxecto. É neste contexto no que se asume que o alumnado de bacharelato, ciclos formativos medios e superiores de FP e programas similares ten transporte escolar gratuíto.

Cómpre que se dea unha solución a esta problemática xa que, en moitos casos, o alumnado de bacharelato nin sequera ten a posibilidade de empregar un transporte público tanto para iniciar as clases nin para retornar aos seus domicilios.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a dar de xeito inmediato, solucións ao alumnado de bacharelato que usa o transporte escolar en centros nos que se impartirán as ensinanzas de bacharelato en horario diferenciado da educación secundaria obrigatoria e que carecerá de transporte escolar no curso 2020/21.

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/09/2020 11:01:11

Noa Susana Díaz Varela na data 18/09/2020 11:01:28

Gonzalo Caballero Míguez na data 18/09/2020 11:01:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Carmen Aira Díaz e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 26 de marzo do ano en curso foille comunicado ao Concello de Guitiriz que, ante a crise sanitaria que se estaba a vivir por mor da expansión do Coronavirus o servizo de atención primaria no municipio se ía centralizar no Centro de Saúde de Guitiriz.

Informaron tamén de que o consultorio de Parga permanecería pechado mentres durara o Estado de Alarma, recuperando o servizo cando se restablecera a normalidade. Isto supón o traslado de 1500 pacientes que se atendían neste centro médico a Guitiriz, que pasa a atender arredor de 5000 pacientes, contando con só tres facultativos, nun momento coma o actual no que a carga de traballo se multiplica.

Este peche foi motivado, segundo a Xerencia da EOXI pola imposibilidade de garantir a dobre circulación de usuarias/os e por non contar cun habitáculo para illar, no caso de ser preciso, a calquera doente con sospeita de sufrir contaxio por coronavirus.

O día 11 de xuño, con data para o fin do estado de alarma posta para o día 15 dese mes, nunha visita ao CS de Guitiriz, confirman que se manterá o peche do centro e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

se fará unha apertura parcial, 2 días á semana para a realización de extraccións, contando con enfermeira e PSX como único persoal.

No seu momento a centralización da asistencia supuxo unha maior concentración de persoal e doentes no CS de Guitiriz co risco que isto comportaba, tanto de contaxio alí mesmo como de diseminación do virus, mais as medidas de alarma e a garantía de nova apertura fixo aceptable esta decisión para a poboación a pesares de todos os inconvenientes que supoñía.

Levantado o estado de alarma e constatada a continuidade do peche do consultorio, a veciñanza está indignada porque se mantén a perda deste servizo esencial para Parga. Así o demostran as mobilizacións que viñeron realizando e que chegaron a xuntar 200 persoas diante do Hospital HULA de Lugo ou 500 nunha cadea humana que percorreu toda a Vila.

A Xerencia da EOXI e a Consellería están sendo insensíbeis ás necesidades da poboación e ao prexuízo que causa non ter asistencia sanitaria en Parga, xa que hai pacientes que viven até a 30 minutos de Guitiriz, non así de Parga, co se produce, nomeadamente para as persoas maiores un incremento do custo e do esforzo destinado ao desprazamento

Reseñamos a maiores que isto provoca unha diminución da vida social e económica na Vila de Parga xa que o centro médico serve de aglutinador e atrae pacientes á Vila, onde realizan as compras diarias ou consumen nos seus locais, polo que o peche actúa, claramente, en prexuízo da economía local.

A propia poboación organizouse para ofrecer alternativas ás autoridades sanitarias para recuperar a actividade plena neste centro garantindo as máximas medidas de seguridade, consistentes na instalación dun módulo prefabricado a carón do CS que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

constaría das seguintes dependencias: sala de observación, consulta e vestiarios con duchas para o persoal. A Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Parga ofreceu incluso asumir o custe íntegro do seu alugueiro. Con isto habería garantías suficientes para usuarios/as e persoal no caso de ter algún caso sospeitoso ou potencial.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta ao Goberno galego a acometer cantas accións sexan precisas para a apertura á maior brevidade posíbel do centro de saúde de Parga, xa sexa mediante a dotación de mais persoal, acometendo as obras ou instalacións fixas necesarias para a dotación do dobre circuío, ou mediante a posibilidade de instalacións temporais complementarias mediante módulos prefabricados, atendendo así ás propostas da veciñanza de Parga, asumindo o seu custe íntegro a fin de non repercutir este nas veciñas e nos veciños.”

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2020

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 21/09/2020 09:49:11

María Montserrat Prado Cores na data 21/09/2020 09:49:37

Olalla Rodil Fernández na data 21/09/2020 09:49:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández** e do deputado **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a convocatoria das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galiza, nos organismos públicos de investigación de Galiza e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego para 2020.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza convoca anualmente unha liña de axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral dirixidas a persoal investigador que desenvolve o seu traballo nas Universidades galegas ou noutras entidades do Sistema de I+D+i de Galiza.

Por mor da pandemia provocada pola COVID-19 o Goberno galego dixo que a convocatoria para 2020 se demoraría a respecto doutros anos.

Porén, a esta altura do ano aínda non foron convocadas e segundo trasladaron ao Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego diversas persoas interesadas, a Xunta de Galiza comunicoulles que até o momento non conta con ningunha previsión temporal para a publicación da orde porque a situación sanitaria impedía que se puidesen realizar con “normalidade” as estadías no estranxeiro previstas na modalidade A.

Cómpre lembrar que estes contratos posdoutorais divídense en dúas modalidades, A e B. Na primeira fase, para a que se adxudican 46 prazas, as persoas investigadoras





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

teñen que desenvolver durante dous anos o seu traballo de investigación fóra de Galiza nalgún dos países correspondentes ás tres zonas nas que se divide o programa:

Zona 1: Portugal ou Andorra.

Zona 2: Europa (agás Portugal ou Andorra), África ou América, agás EUA e Canadá.

Zona 3: EUA, Canadá, Asia ou Oceanía.

Sendo comprensíbel que a pandemia condicionase inicialmente a publicación da orde de axudas, resulta un paradoxo que non se convocasen aínda e que mesmo a Xunta non conte cunha previsión de cando se poderían convocar pois outros programas como as bolsas individuais Marie Sklodowska-Curie (Individual Fellowships, IF) da Comisión Europea, dirixidas tamén á mobilidade de investigadoras e investigadores, si o fixeron (o prazo de presentación dos proxectos rematou o 9 de setembro).

Desde o Bloque Nacionalista Galego somos moi críticas coas características que posúe o programa posdoutoral deseñado pola Xunta de Galiza que, como temos denunciado en numerosas ocasións, expulsa parte das persoas investigadoras ao reducir de maneira considerábel as prazas entre modalidades (das 46 da modalidade A fican apenas 21 para a B). Porén, esta é, até o momento, a única vía para continuar coa carreira investigadora en Galiza.

O feito de que un ano non se convoquen, como aconteceu en 2015 coas predoutorais, prexudicaría enormemente a carreira daquelas persoas que deciden dedicarse á ciencia e á investigación no noso país. Un camiño inzado de pedras antes da COVID-19.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a convocar, á maior brevidade posíbel, a orde de axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galiza, nos organismos públicos de investigación de Galiza e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego para 2020.”

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2020

Asdo.: **Manuel Antonio Lourenzo Sobral**

Deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/09/2020 09:56:17

Olalla Rodil Fernández na data 21/09/2020 09:56:22



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Isaura Abelairas Rodríguez, Leticia Gallego Sanromán, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A residencia DomusVi de Bembrive en Vigo sufriu neste mes de setembro un asalto en plena noite. Unhas instalacións que xa viviron noutras ocasións asaltos semellantes e que amosan unha vez máis a situación de desamparo tanto para traballadoras e traballadores como para as 150 persoas usuarias da mesma. Cabe lembrar, que esta residencia é de titularidade pública e, polo tanto, responsabilidade directa da Xunta de Galicia que debe garantir e esixir uns mínimos á concesionaria DomusVi.

A situación afastada do núcleo urbano da residencia, no medio do monte, e a falta de seguridade e escaso persoal especialmente na quenda de noite derivan nun clima de medo que veñen denunciando persoas traballadoras e familiares de usuarios e usuarias.

Compre lembrar que foi á chegada desta concesionaria no 2012 cando se decide - e o Goberno autonómico permite- despedir ao servizo de seguridade que ata entón viña vixiando as instalacións en beneficio de persoas usuarias e traballadoras.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que esixa á empresa concesionaria da residencia de Bembrive a poñer recursos que garantan a seguridade do persoal e das persoas usuarias polas noites.



Pazo do Parlamento, 21 de setembro do 2020

Asdo.: Isaura Abelairas Rodríguez
Leticia Gallego Sanromán
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 21/09/2020 10:35:32

María Leticia Gallego Sanromán na data 21/09/2020 10:35:41

Marina Ortega Otero na data 21/09/2020 10:35:48

Julio Torrado Quintela na data 21/09/2020 10:36:06

Gonzalo Caballero Míguez na data 21/09/2020 10:36:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo información dispoñíbel na web da Xunta de Galicia (Rexistro de Convenios), a Consellaría de Medio Ambiente asinou no presente ano 2020 diversos convenios con concellos para financiar obras en materia de urbanismo. Desde o mes de xaneiro de 2019 ate o mes de xuño de 2020 constan neste rexistro 75 convenios para este tipos de obras, encadradas no chamado plan hUrbe, concretamente na liña de “Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”.

Nos textos dos convenios figura unha explicación tipo para a sinatura dos mesmos mais non se explica por que se acode a esta figura e non a un procedemento aberto e transparente, no que as entidades locais poidan concorrer para obter financiamento para este tipo de obras.

Na relación de convenios asinados danse unha serie de coincidencias que non poden ser froito da casualidade ou do azar. Mais ben poñen de relevo un *modus operandi* que se caracteriza pola falta de transparencia e polo uso partidista das institucións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza, e nomeadamente á consellaría de medio ambiente, a que distribúa con criterios transparentes os fondos do Plan hUrbe que financian obras en materia de urbanismo dos concellos, utilizando convocatorias públicas ás que poidan concorrer os posíbeis concellos beneficiarios e que polo tanto desbote a fórmula de sinatura de convenios para financiar este tipo de obras.”

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2020

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 21/09/2020 12:57:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 21/09/2020 12:57:47

Alexandra Fernández Gómez na data 21/09/2020 12:57:51



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

Nos recentes datos vense de coñecer a decisión da Xunta de Galicia de concentrar, os sábados pola mañá, a atención sanitaria de toda a cidade de Lugo no centro de saúde de Fingoi. Esta concentración acumulará a atención sanitaria a unha poboación de 100.000 pacientes nun só centro de saúde, cuestión que non ten antecedentes na xestión sanitaria dos últimos tempos en ningunha poboación de Galicia.

A decisión, non consensuada nin informada á inmensa maioría dos/as profesionais, concentra a atención de 6 centros de saúde da cidade de Lugo nun entorno periférico, acumulando a atención nun só edificio co que, previsiblemente, fará máis complicados os protocolos anti-Covid e o importante cumprimento das maiores medidas sanitarias posibles fronte á pandemia.

Na comunicación da decisión non é coñecido, tampouco, o obxectivo principal que se trata de conseguir, nin as motivacións que levan a tomar esta determinación. A atención primaria na cidade de Lugo, como nos demais puntos de Galicia, vén sufrindo unha perda de capacidade asistencial froito dunha década de recortes en persoal e recursos humanos, ademais da baixa e enlentecida dotación de novas infraestruturas. En Lugo, o moi prometido pero aínda non realizado centro integral de saúde no Barrio da Residencia contribuiría a desafogar (e non acumular) a atención sanitaria. Ademais unha política de persoal que formase progresivamente máis profesionais, para logo poder incorporalos ao sistema, sería un elemento que contribuiría a poder manter a atención sanitaria próxima nas mellores condicións posibles. Non entanto, esta situación provocada xera deficiencias que, agora, deben ser tratadas de ocultar con decisións como estas.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a abrir unha mesa de diálogo cos profesionais sanitarios de atención primaria do Concello de Lugo, e coa participación de representación municipal, para decidir a mellor estratexia a seguir para garantir a mellor atención sanitaria posible en atención primaria para as persoas habitantes da cidade.

Pazo do Parlamento, 21 de setembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/09/2020 12:37:14

Patricia Otero Rodríguez na data 21/09/2020 12:37:35

Julio Torrado Quintela na data 21/09/2020 12:37:50

Marina Ortega Otero na data 21/09/2020 12:38:04

Gonzalo Caballero Míguez na data 21/09/2020 12:38:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Resulta habitual ver na prensa referencias a reunións de conselleiros e conselleiras con alcaldías do PP no que anuncian a sinatura de convenios ou a concesión de axudas da Xunta para a realización de investimentos en materia de infraestruturas, equipamentos, medio ambiente, servizos, etc. Periodicamente tamén se dan a coñecer os convenios asinados polas consellarías e os concellos, a través dos cales se fai a asignación de fondos públicos sen ningún criterio obxectivo de reparto.

Por outra parte, o goberno galego utiliza habitualmente o procedemento de convocatoria de subvencións a entidades locais en concorrencia non competitiva, o que non garante un trato xusto para os concellos.

Nos últimos anos, a FEGAMP elaborou diversos documentos sobre o financiamento local, a transferencia de recursos da Xunta aos concellos, as convocatorias de subvencións ou a necesidade de aprobar unha lei de facendas locais, sen que ningunha destas propostas fose atendida pola Xunta de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Detrás deste *modus operandi* do goberno galego hai unha intención clara: manter a utilización partidista da Xunta para favorecer a concellos do PP na distribución dos fondos públicos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta ao goberno galego a negociar coa FEGAMP, no presente período de sesións un novo sistema de reparto das transferencias non finalistas aos concellos, mediante un plan único que aglutine os recursos do Plan de Cooperación Local e doutros programas de cooperación autonómicos, co obxectivo de evitar a distribución discrecional e partidista de fondos públicos. As convocatorias de subvencións serán un procedemento excepcional e faranse sempre polo procedemento de concorrencia competitiva.”

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2020

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/09/2020 13:49:43

Xosé Luis Bará Torres na data 21/09/2020 13:49:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre as medidas a tomar para activar a atención presencial en Atención Primaria no Centro de Saúde e PAC de Cambre.

Exposición de motivos

A pandemia orixinada pola COVID 19 puxo de relevo que a Atención Primaria é chave para garantir a atención sanitaria, a saúde dxs galegxs. Deste este nivel asistencial, a pesar dos recortes a que se someteu a porta de entrada ao atendimento dos coidados sanitarios durante os últimos 11 anos, realizouse un traballo moi importante no tratamento e seguimento das persoas infectadas que non precisasen hospitalización, a vez que na medida do posíbel, atendeu as necesidades asistenciais da poboación.

Mais a decisión de que os centros de saúde reducisen drasticamente a asistencia presencial, e que a atención se centrase case exclusivamente en consulta telefónica, para evitar contaxios tanto das profesionais como da poboación, está a ocasionar moi graves problemas no acceso á asistencia sanitaria da poboación, que se veu agravada coa chegada da época estival, onde a escaseza de persoal foi alarmante, ao obrigar as profesionais a desfrutar das vacación nos meses de xullo e agosto, sen seren substituídas na maioría dos casos, nin tampouco as baixas por ILT.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As consecuencias son desastrosas, tal e como nos traslada a cidadanía galega en xeral, que hoxe queremos representar na vila de Cambre, na área metropolitana da Coruña.

En aplicación dun teórico funcionamento excepcional vinculado á Covid19, os pacientes que están a padecer unha emerxencia sanitaria teñen que agardar no PAC fóra do Centro de Saúde facendo cola ao raso, á choiva, sen asento...

Escasísimos profesionais, listas de espera de semanas para consultas, analíticas, e incluso para a atención telefónica.

Doentes que, sen contacto uns con outros, se queixan de instrucións pouco claras e dunha atención precarizada en todo o proceso previo á propia consulta médica, debido segundo varios deles trasladan, á ausencia dunha norma de funcionamento eficiente e resolutiva, da ausencia de persoal e da carencia de preparación específica do mesmo para atender debidamente aos pacientes nestas circunstancias especiais.

Esta situación está xerando que cada vez máis persoas estean acudindo á sanidade privada, diante da falta de resposta na sanidade pública, e desprotección da poboación con menos recursos. Desprotección que tamén se produce, diante da reconversión da asistencia presencial en telefónica ou telemática, nas franxas de maior idade, de menos recursos para o acceso e manexo das novas tecnoloxías.

A resposta á situación de pandemia non pode estar baseada en incrementar as restricións de acceso á asistencia ao sistema público, porque supón un claro risco para a saúde da poboación, que pode levarnos a un problema de saúde colectiva, de cronificación de patoloxías, de atención tardía...





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1.- Realizar de inmediato todas as accións precisas para activar a atención presencial e rematar coas listas de espera en Atención Primaria, coa incorporación do persoal e as medidas de prevención de contaxios precisos, para garantir unha atención sanitaria digna á poboación.

2.- Presentar no Parlamento galego, no prazo máximo dun mes, un informe no que se recolla a situación actual que afecta ao Centro de Saúde e PAC de Cambre: restricións de acceso, porcentaxe de atención presencial, telefónica e telemática, tempos de espera para o acceso...”

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 21/09/2020 17:29:33

María Montserrat Prado Cores na data 21/09/2020 17:29:39

Ana Pontón Mondelo na data 21/09/2020 17:29:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a situación na que se atopa o CEIP Praza de Barcelos tralo recorte dunha liña de educación infantil.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Praza de Barcelos de Pontevedra vén de sufrir un novo recorte por parte da Consellaría de Educación no cuarto curso da Educación Infantil. Trátase dun centro urbano que até o de agora contaba con dúas liñas de educación infantil para o alumnado de 3 anos mais, xusto neste inicio de curso, unha desas liñas foi suprimida.

Se ben a Xunta de Galiza xustificou o recorte desta liña nunha previsión inicial de matrícula que era naquel entón de 19 alumnos; na actualidade o CEIP Praza de Barcelos conta cun total de 23 alumnos e alumnas matriculadas e é probábel que co paso dos días sexan cando menos 25, por se tratar dun centro que recibe cada ano alumnado co curso xa iniciado.

O acontecido no CEIP Barcelos evidencia que alén de os recortes educativos da Xunta de Galiza non seren admisíbeis xa en contextos de normalidade académica; moito menos o son nun contexto de pandemia como é o da COVID-19. Situación esta, denunciada polos representantes das nais e pais cando sinalan que “xusto no momento no que máis precisabamos esta unidade, nola suprimen”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O CEIP Barcelos é un centro que ademais conta con espazos dabondo para que esta segunda liña poida recuperarse polo que non é comprensíbel que neste momento, no que as autoridades educativas deberían estar velando pola redución das ratios, leven adiante recortes van xusto na dirección contraria e que masifican as aulas.

Para o Bloque Nacionalista Galego é evidente que o acontecido no CEIP de Barcelos afonda no cúmulo de irresponsabilidades e improvisacións do goberno galego ante o inicio de curso. Un inicio de curso que o goberno galego tivo 6 meses para preparar mais non o fixo, deixando á comunidade educativa nunha situación de absoluto abandono.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza á contratación de máis profesorado para cubrir as necesidades educativas no ensino público e a restituír de inmediato a liña suprimida en Educación Infantil no CEIP Praza de Barcelos.”

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2020

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 22/09/2020 10:11:45

Mercedes Queixas Zas na data 22/09/2020 10:11:49

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 22/09/2020 10:12:02



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

A veciñanza de Xermade, así como os grupos políticos con representación no Concello de Xermade e mesmo a federación provincial de asociacións de veciños levan anos solicitando da Xunta de Galicia que arranxe a estrada LU-170 no seu tramo Cabreiros-Momán, que se atopa nun estado deplorable e perigoso cun firme deteriorado, curvas de difícil trazado e un ancho deficiente.

A falla de obras de mellora, así como as condicións climatolóxicas fan que o deterioro deste tramo aumente ano tras ano. E é urxente que se arranxe este tramo porque ademais de perigoso ten paralizado o polígono industrial da localidade xa que os transportes especiais non poden acceder a el dificultando así o desenvolvemento económico do concello de Xermade.

Apoiar ao rural precisa de investimentos que permitan desenvolver a súa economía e neste caso o arranxo do tramo Cabreiros Momán sería un impulso ao tecido empresarial de Xermade, máis necesario agora se cabo pola crise producida pola Covid-19, ademais de beneficiar aos concellos do seu trazado. Neste senso precísase que a Provincia de Lugo estea ben comunicada entre si e tamén co resto de Galicia e esta estrada serve para se comunicar coa provincia da Coruña xa que de Momán sae unha estrada que enlaza coas Pontes.

O PP e a Xunta de Galicia xa se comprometeran a realizar estas obras en 2011, incluso foi publicado un proxecto no DOG que contemplaba as seguintes actuacións:

- Mellora de interseccións existentes por medio de cuñas de cambio de velocidade.
- Reforzo do firme.
- Definición novos cambios de sentido.
- Construción dunha nova glorieta que permite modificar a intersección entre LU-170 coa LU-2205 a Miraz, e a LU-2213 co parque empresarial de Xermade.



Pero estas actuacións quedaron nunha nova promesa incumprida da Xunta de Galicia, así como tamén quedou en fume e propaganda o compromiso feito pola Xunta de Galicia en 2015 de realizar unha serie de melloras no tramo Cabreiros-Momán da LU-170.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a arranxar de forma urxente a estrada LU-170 entre Cabreiros e Momán de maneira que sexa segura para os seus usuarios e permita o acceso de vehículos especiais ao polígono industrial de Xermade.

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 22/09/2020 10:19:57

Paloma Castro Rey na data 22/09/2020 10:20:35

Gonzalo Caballero Míguez na data 22/09/2020 10:20:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Rosana Pérez Fernández** e do deputado **Ramón Fernández Alfonso**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa ás medidas a tomar para recuperar a produción marisqueira da ría de Ferrol e protección social e económica ás mariscadoras e mariscadores da ría.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación actual que están a padecer as traballadoras e traballadores do mar na ría de Ferrol é extremadamente crítica. Mais as súas circunstancias non son novas e non son, senón, máis que a consecuencia, entre outras, da desidia e do abandona das distintas administracións que están deixando agonizar un sector, o marisqueiro, que ten hoxe unha produción de escasamente un 10% da que existía hai tan só dez anos.

Das máis de 200 embarcacións diarias de comezos desta década, hoxe non hai no banco marisqueiro das Pías nin unha ducia cada día. A que aínda é a zona de maior produción de ameixa babosa e fornece de cría ao resto da ría, está en mínimos históricos e a toma de decisións inmediatas sobre o seu futuro faise máis urxente ca nunca.

A viabilidade das tres confrarías da ría está seriamente en risco, o que levou aos seus integrantes a manifestarse recentemente, tanto en Ferrol como na Coruña. Gran parte das mariscadoras e mariscadores atópanse en situación de baixa prolongada e practicamente a totalidade cunha obtención de ingresos que case non lle permite sobrevivir e apenas son capaces de pagar a súa cotización á seguridade social.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O sumatorio de todos eses casos individuais levan, ademais, aparelado o estado cuase de creba das propias confrarías que ven como día a día merman os seus ingresos e non albiscan saída aos seus problemas.

As causas da actual situación son múltiples. A maioría dos bancos marisqueiros da ría están altamente degradados por mor de verteduras sen control durante anos, a depuración das augas residuais, aínda mellorando a calidade das augas, non recupera os bancos, soterrados polos lodos das verteduras, a pouca circulación da auga entre os diques da ponte das Pías que provoca tamén a acumulación de lodos. E, a maiores, agora hai que sumar a proliferación dun parásito que afecta á produción da ameixa.

Mais todos e cada un destes factores son sobradamente coñecidos pola Consellaría do Mar e as afectadas e afectados hai demasiado tempo que non perciben que se poñan en marcha actuacións para melloralos.

A situación é tan grave que a día de hoxe xa non se pode remediar con parches ou solucións temporais. Agora necesítase axilidade na posta en marcha de medidas estritas e constantes na súa aplicación que, en colaboración coas confrarías, cos técnicos e biólogos da Consellaría do Mar e tamén coa estación de bioloxía mariña da Graña, permitan a medio prazo obter o maior rendemento posíbel.

De querer iniciar un verdadeiro proceso de recuperación, ese tipo de medidas terían que ir necesariamente acompañadas por outras, como o paro biolóxico, que ampren económica e socialmente ás mariscadoras e mariscadores, xa que o contrario levaría ao abandono definitivo da actividade por grande parte do sector, ao peche de entidades e á práctica desaparición do marisqueo na ría.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a iniciar de inmediato un verdadeiro proceso de recuperación da produción marisqueira na ría de Ferrol, en colaboración coas confrarías da zona, os técnicos da Consellaría do Mar e a estación de bioloxía mariña da Graña, ao que se acompañarán medidas como o para biolóxico, de protección económica e social das mariscadoras e mariscadores.”

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Ramón Fernández Alfonso

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 22/09/2020 10:54:35

Rosana Pérez Fernández na data 22/09/2020 10:54:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 22/09/2020 10:54:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carme González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa ás medidas a tomar para por fin á situación que esta a padecer a flota palangreira galega na actualidade pola acumulación de marraxo sen comercializar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A XVIII Convención sobre o Comercio Internacional de Especies Ameazadas de Fauna e Flora Silvestres (CITES) tomou, en agosto de 2019, a decisión de incluír o marraxo no eu Anexo II, no que figuran especies que non están necesariamente ameazadas de extinción pero que poderían estalo no caso de que non se controle o seu comercio.

Despois da cumbre da Comisión Internacional para a Conservación do Atún Atlántico (ICCAT), celebrada en novembro de 2019, o sector fixo unha valoración positiva dos resultados da reunión xa que as restricións levadas a cabo non foron tan amplas como se agardaba.

As limitacións impostas pola ICCAT buscan principalmente combater o tráfico ilegal de determinadas especies a escala global, así como impoñer sancións aos países que non cumpran as normas, de xeito que toda importación, exportación ou introdución procedente do mar desas especies debe ser autorizada mediante un sistema de concesión de permisos e certificados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, o Ministerio de Pesca adaptou a lexislación no mes de xaneiro deste ano e o Ministerio de Comercio no mes de marzo, despois de que o Ministerio de Transición Ecolóxica emitise o informe previo necesario para respaldar a non perxudicialidade da especie.

A polémica vén pola cantidade que tomou como referencia o MITECO, que non se ativo ás cantidades recomendadas polo MAPA, xa por debaixo do que soe capturar a flota.

O Ministerio de Transición Ecolóxica só respectou as cantidades que o MAPA recomendou para o Pacífico. No caso do Atlántico Norte autorizou a comercialización de 350 toneladas de marraxo, moito menos das 940 que aconsellaba o Ministerio de Pesca.

Mentres a flota non pescou as toneladas impostas non houbo problemas, mais agora os desembarcos superan as cantidades para as que o MITECO emitiu o seu informe.

A flota de palangre de superficie galega vén vendo reducidas ano tras ano as súas capturas de marraxo e, neste momento ademais, acumula toneladas de peixe que están retidas en portos e frigoríficos sen poder ser comercializadas.

A preocupación e a desesperación tanto dos produtores como dos comercializadores é enorme e a falla de solución áxiles está a converter esa preocupación en indignación da propia flota palangreira. Unha flota recoñecida pola sostibilidade das súas prácticas e pola súa colaboración co eido científico, contribuíndo dende hai moito tempo á obtención de mellores resultados e que dende A Guarda, Burela, Marín e Vigo xa ten dado a voz de alarma pola súa extrema situación, de consecuencias económicas e sociais inaceptábeis.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais dos gastos que lles supón ás armadoras o almacenamento do marraxo hai aínda outra grave derivada desta situación: Son outras flotas as que están fornecendo ao mercado, flotas que, paradoxicamente, non contan coas medidas de xestión das que dispón a galega.

En diversas ocasións a Xunta de Galiza ten manifestado publicamente a defensa dunha pesquería sostíbel do marraxo e a necesidade de manter un equilibrio entre os aspectos ambientais e socioeconómicos desa pesca. Mais no tocante á situación que está a vivir a flota palangreira galega non nos constan nin manifestacións públicas nin accións concretas para solucionar a problemáticas pola que está afectada.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a tomar todas as medidas necesarias e a levar a cabo as actuacións que sexan precisas para que a flota palangreira galega poda comercializar o marraxo almacenado nestes momentos en portos e frigoríficos e para aumentar as cantidades de captura desa especie”.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**
Carme González Iglesias
Daniel Castro García





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 22/09/2020 13:16:06

Rosana Pérez Fernández na data 22/09/2020 13:16:09

María do Carme González Iglesias na data 22/09/2020 13:16:21

Daniel Castro García na data 22/09/2020 13:16:30



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Noa Díaz Varela, Isaura Abelairas Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

O 23 de setembro conmemórase o Día internacional contra a explotación sexual e a trata de mulleres, nenas e nenos. Esta práctica, estendida por todo o mundo, é unha manifestación extrema da desigualdade das mulleres e da súa pobreza na nosa sociedade e un dos máis terribles negocios do mundo, se non o maior.

Segundo datos de Nacións Unidas e da Unión Europea, as mulleres e as nenas representan o 71 % das vítimas de trata detectadas en todo o mundo e o 80 % das identificadas en Europa occidental. A explotación sexual é a forma máis común de explotación (59 %) seguida do traballo forzado (34 %).

As mulleres, ademais, atópanse entre as máis afectadas pola pandemia. Por iso compartimos o chamamento de Nacións Unidas para que a resposta á covid-19 e a recuperación posterior a nivel mundial asignen un lugar prioritario á dignidade e os dereitos humanos. Debemos dobrar os esforzos para protexer, tamén en Galicia, as vítimas da trata e evitar que as persoas vulnerables sexan así explotadas.

Desde o Grupo Parlamentario dos e das Socialistas de Galicia asumimos que desde os nosos ámbitos competenciais debemos seguir traballando para dotar de recursos e garantías ás mulleres, nenas e nenos vítimas de explotación sexual. Queremos recoñecer tamén o traballo de organizacións e colectivos que continúan a prestar servizos vitais durante a crise, localizando as vítimas e axudándoas a ter acceso á xustiza, á saúde e á asistencia e protección sociais.

A igualdade entre mulleres e homes continuará sendo inalcanzable mentres se compren, vendan e exploten mulleres, nenas e nenos, prostituíndoos. Os estudos e experiencias noutros países indican que alí onde se regularizou a prostitución aumentou a trata. Polo tanto, entendemos que para combater a trata con fins de explotación sexual de maneira efectiva hai que abolir a prostitución, un dos rostros máis crueis da fiminización da pobreza, así como unha das peores formas de violencia contra as mulleres cuxo sufrimento se agravou debido á pandemia.



Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para:

1º) Que, dentro do seu marco competencial, impulse as medidas necesarias para o desenvolvemento dunha estrutura de apoio multidisciplinar para as vítimas, xerar conciencia social contraria á compra e consumo de prostitución e á imaxe vexatoria das mulleres.

2º) Que se dirixa ao Goberno central para aprobar unha lei integral contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual e contra a prostitución.

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 22/09/2020 13:59:48

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 22/09/2020 14:00:07

Julio Torrado Quintela na data 22/09/2020 14:00:25

Marina Ortega Otero na data 22/09/2020 14:01:16

Gonzalo Caballero Míguez na data 22/09/2020 14:01:40



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Noa Díaz Varela, Isaura Abelairas Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

Unha vez decretado o estado de alarma no mes de marzo, a maior parte dos servizos audiovisuais públicos que forman parte da Federación de Organismos de Radio e Televisión Autonómicos (FORTA) modificaron a súa programación para ofrecer contido educativo dirixido ao público escolar para que servise de reforzo toda vez que os centros escolares estaban pechados.

En Galicia, a CRTVG, en colaboración coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, emitiu de luns a venres na segunda canle da TVG (G2) dúas horas de programación educativa, difundida tamén pola web. Xa a mediados de abril ampliouse no tempo este bloque educativo a tres horas e media.

Se ben é certo que TVE foi a primeira en emitir este tipo de contidos educativos, facíase necesario que en Galicia contásenos con contidos propios adaptados á nosa realidade e itinerario curricular e, por suposto, na nosa lingua.

As consellarías de Educación e Sanidade publicaron o 31 de agosto o último protocolo de actuación Covid-19 para o ensino non universitario e nel di, no seu punto 8.1: “*A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro escolar, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade*”.

Dada a excepcional e incerta situación deste curso escolar, e sabedores de que a medida que vaia avanzado o curso é máis que probable que, como xa está a acontecer, clases completas (ou mesmo centros) teñan que gardar corentena, cremos necesario que durante este ano -e mentres non se poñan en marcha outro tipo de iniciativas- a canle G2 da TVG programe de novo este bloque educativo, que servirá de reforzo e apoio aos nenos e nenas galegas que teñan que gardar corentena nos seus fogares.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que en colaboración coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, reprograme durante o curso escolar –en caso de que continúen as restricións provocadas pola pandemia- o bloque educativo na canle G2 da CRTVG, tal e como se viña facendo entre os meses de marzo e xuño.



Pazo do Parlamento 18 de setembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 22/09/2020 16:32:29

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 22/09/2020 16:32:53

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/09/2020 16:33:06

Gonzalo Caballero Míguez na data 22/09/2020 16:33:21



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Patricia Otero Rodríguez e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

Apoiar ao rural precisa de investimentos que permitan desenvolver a súa economía e que permitan tamén fixar poboación, e neste caso o arranxo dos 5 Km da LU-741, de competencia autonómica, no termo municipal da Pontenova que une a Pontenova coa Fonsagrada sería un impulso importante para as empresas que radican na zona, máis necesario agora se cabe pola crise producida pola covid-19, e ademais melloraría a seguridade da estrada.

Apostar polo rural é tamén apostar por unhas boas vías de comunicación, e neste caso este tramo da LU-741, que enlaza coa LU-P-1904, presenta serias deficiencias para circular polo dito tramo. Este treito presenta unha grave deterioración no firme, unha situación que empeorou nos últimos anos. Na zona hai varias empresas con moita actividade diaria, e a mala situación desta estrada, prexudica, polo tanto, a economía do concello da Pontenova.

Realizar os arranxos necesarios nesta estrada amosaría un compromiso real cos veciños e veciñas da Pontenova por parte da Xunta de Galicia. Compromiso si demostrado pola Deputación Provincial de Lugo, que no ano 2018, fixo os arranxos necesarios na estrada LU-P-1904 que une A Pontenova coa Fonsagrada, obras consistentes en asfaltado da estrada, ampliación e limpeza de cunetas, ademais da instalación de novas sinais para melloralas seguridade nese tramo.

É urxente que se arranxen eses 5 Km da estrada autonómica LU-741 no termo municipal da Pontenova porque ademais de ser perigoso para os usuarios desta estrada prexudica a actividade diaria das empresas asentadas na zona.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a arranxar de forma urxente os 5 Km da LU-741, no concello da Pontenova, que une A Pontenova coa Fonsagrada, e que enlaza coa LU-P-1904, de maneira que sexa segura para as persoas usuarias e permita que se desenvolva con normalidade a actividade diaria das empresas existentes na zona.

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2020





Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 22/09/2020 16:22:19

Paloma Castro Rey na data 22/09/2020 16:22:35

Gonzalo Caballero Míguez na data 22/09/2020 16:22:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego temos denunciado reiteradamente as consecuencias negativas para as e os usuarios do avance da concentración e oligopolización bancaria. A existencia de cada vez menos entidades bancarias e, polo tanto, menos oferta no mercado deriva de forma directa no empeoramento dos servizos e condicións que establecen as diferentes entidades.

Durante a última década o sector bancario e financeiro ten sido o foco de numerosos escándalos e calotes mediante prácticas abusivas sobre os e as consumidoras, especialmente no que atinxe a cláusulas opacas e produtos complexos. Desde entón demandas populares e sociais fixeron tomar decisións, as máis das veces tímidas, ás distintas institucións europeas, estatais e galegas. Falamos, por exemplo, do acontecido coas preferentes ou máis recentemente no tempo coas cláusulas chan.

Entre as respostas arbitradas cómpre salientar, por exemplo, o Real Decreto-lei 6/2012, de 9 de marzo, de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos. Aquí recollíase por exemplo o denominado “código de boas prácticas” para a banca, que constitúe unha mostra da insuficiencia e falta de decisión á hora de tomárense medidas. Por exemplo, podemos recordar que tardaría varios anos en ser





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

impulsado e que ten entre as súas principais debilidades que a súa aplicación por parte das entidades de crédito é voluntaria, o cal abunda sobre a insuficiencia do marco de protección.

Durante os últimos anos puidemos ver como se reducía o número de oficinas bancarias, como se reducían os servizos prestados e como aumentaban as comisións por servizos. Esta cuestión afectou especialmente aos colectivos máis vulnerábeis da sociedade, como aqueles que cobraban prestacións sociais, e fixo precisa a existencia dunha “conta básica” para tal efecto mais que a día de hoxe practicamente nin se oferta nin se emprega.

Recentemente, un dos meirandes escándalos na nosa sociedade protagonizounos Abanca, a principal entidade do noso país, que durante o Estado de Alarma, nunha pandemia sen precedentes, aplicou un cambio de condicións á maioría de clientes e comezou a pasar comisións por valor de 50 euros correspondentes a seis meses. A resposta social foi importante nas redes sociais e foros de opinión de medios de comunicación. Así mesmo, conforme se foron levantando as restricións de mobilidade vimos tamén concentracións en varias cidades galegas.

Agora mesmo, despois da operación de fusión de Caixabank e Bankia, vemos como a nova CaixaBank poderá mudar as condicións de numerosos produtos, como por exemplo mudar as esixencias para 28 millóns de tarxetas en todo o Estado, cuestión que afectará tamén numerosos galegos e galegas.

Cómpre recordar que Galiza ten competencias exclusivas en materia de consumo e ten capacidade e instrumentos para avaliar desde o territorio a evolución e cumprimento de toda canta normativa respecto deste ámbito exista de cara a facer propostas para incrementar a defensa das e dos consumidores. Porén, neste aspecto, con





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

independencia do gran traballo que realiza o Instituto Galego do Consumo e da Competencia, continúa sen haber unha aposta decidida.

Dende o BNG apostamos por un maior compromiso da Xunta de Galiza con esta realidade e coa defensa das e dos consumidores, e non se explica que a estas alturas non teña unha actitude proactiva respecto destas cuestión.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Dirixirse ás entidades bancarias que operan en Galiza, e particularmente a Abanca, para demandarlle a non aplicación de comisións bancarias abusivas en xeral e a devolución en concreto das comisións aplicadas por mor de cambios de condicións aplicados durante o Estado de Alarma, así como esixirlle unha correcta información á clientela.

2. Desenvolver ao abeiro do Instituto Galego do Consumo e da Competencia un estudo sobre as condicións de servizos das entidades financeiras que operan en Galiza para avaliar o seu funcionamento, transparencia e adecuada aplicación.

3. Dirixirse ao goberno central para demandar as modificacións lexislativas oportunas de cara a que se aplique de forma automática a posibilidade de abrir contas correntes libres de comisións (Contas de Pago Básicas) ás persoas que reciban algún tipo de subsidio (coma o Ingreso Mínimo Vital ou rendas de inserción) e que tamén se fagan accesibles para o resto da poboación, que simplemente necesita un servizo bancario básico sen produtos financeiros complexos.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/09/2020 18:33:18

Ramón Fernández Alfonso na data 22/09/2020 18:33:22

Daniel Pérez López na data 22/09/2020 18:34:02

Ana Pontón Mondelo na data 22/09/2020 18:34:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 20 de abril de 2010, a Xunta de Galiza fixo público o inicio dos trámites para a creación do Ente Público Ferroviario de Galiza. Nesta data publicouse no DOG a licitación do contrato de servizo para elaborar o proxecto de lei deste organismo, por un importe de 180.000 euros. Pasaron máis de 9 anos desde aquel anuncio sen que se dese un só paso para facer realidade o proxecto, o que demostra o desinterese do PP pola promoción e desenvolvemento da rede ferroviaria interna do país e o tren de cercanías.

Polo contrario, o que vimos nos anos seguintes foi o peche de estacións, o desmantelamento de liñas, a redución de frecuencias e o esmorecemento do ferrocarril de cercanías como alternativa fundamental para unha mobilidade máis sostíbel, saudábel e segura. A situación das liñas Ferrol-Ribadeo, Coruña-Ferrol, Ourense-Monforte, Lugo-Sarria ou Vigo-Tui son un bo exemplo do desinterese dos gobernos da Xunta e do Estado a respecto do ferrocarril de proximidade. Este panorama desolador contrasta co doutras comunidades do Estado que contan con servizo de cercanías, que están xestionados pola administración ferroviaria estatal ou por entes propios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o BNG consideramos prioritario que Galiza asuma as competencias na súa rede ferroviaria interna, como forma de potenciación do ferrocarril e da intermodalidade con outros modos de transporte.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Crear o ente público para a xestión ferroviaria de Galiza, como órgano encargado de administrar a rede ferroviaria interna do noso país e fomentar o transporte por tren de persoas e mercadorías, así como a intermodalidade con outros modos de transporte como o bus, a bici e o avión.

2. Realizar un estudo para a mellora do servizo e a implantación do tren de cercanías nas seguintes liñas: Vigo-Pontevedra-Vilagarcía, Santiago-Vilagarcía, Vigo-Tui, Coruña-Ferrol, Ferrol-Ribadeo, Lugo-Sarria e Ourense-Monforte.”

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2020

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 23/09/2020 10:26:55

Paulo Ríos Santomé na data 23/09/2020 10:27:00

Alexandra Fernández Gómez na data 23/09/2020 10:27:08



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) é a axencia, adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria, para o desenvolvemento económico de Galicia.

A misión do Igape é a de apoiar todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo galego, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial.

Os obxectivos que pretende levar a cabo pódense concretar en:

- Impulsar a creación de novas empresas e fomentar decididamente o espírito emprendedor.
- Incrementar a competitividade das empresas galegas a través da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.
- Atraer investimento a Galicia.
- Facilitar a internacionalización.
- Apoiar a cooperación e os proxectos colectivos de empresas galegas.

Para a consecución destes obxectivos, o Igape pon a dispor das empresas galegas unha serie de axudas para o financiamento do investimento empresarial a través de axudas a fondo perdido, préstamos BEI para financiar circulante e investimentos e incentivos económicos rexionais.

Na X lexislatura os créditos iniciais consignados nos orzamentos da Xunta de Galicia para os anos 2016-2019 acadaron máis de 427 millóns de euros, mentres que as obrigas recoñecidas foron de tan só 202 millóns de euros, é dicir, deixaron sen executar o 53 % do total dos créditos consignados.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Executar os orzamentos aprobados no Parlamento galego para 2020 na súa totalidade.

2º) Elaborar inmediatamente un plan de actuación para as empresas, pemes e autónomos no que participen o sector empresarial, os sindicatos, as universidades e a Xunta de Galicia, co fin de axudar a paliar os efectos negativos da crise económica derivada da covid-19.

3º) Dotar financeiramente o Plan de actuación para empresas, pemes e autónomos.

Pazo do Parlamento, 23 de setembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/09/2020 11:55:30

Juan Carlos Francisco Rivera na data 23/09/2020 11:55:46

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/09/2020 11:56:01



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

O servizo de transporte escolar, ao igual que o de comedor, é esencial para garantir a igualdade de oportunidades e a conciliación da vida laboral, familiar e persoal das familias, e máis en momentos de crise como os actuais, nos que os poderes públicos deben pór todos os seus recursos a disposición da cidadanía.

Certo é que a normativa -revisable- que regula o transporte escolar limita este servizo ao alumnado que viva a máis de dous quilómetros do centro educativo e que as paradas están perfectamente delimitadas no itinerario, pero é certo tamén que hai moito que non se revisan estas rutas e que moitas delas quedaron xa obsoletas ao longo dos anos dado o crecemento e a evolución das vilas e da súa poboación. Por esa razón, ao longo destes anos existían paradas autorizadas de maneira excepcional para dar cobertura a todas esas familias que o precisaban.

O que non parece lóxico é que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, en tempos de pandemia, decida aplicar esta normativa da maneira máis restritiva posible e anule determinadas paradas que sen dúbida lle facilitaban a vida ás familias. En momentos como o actual, o Goberno galego debería mostrar unha total sensibilidade cun colectivo, o escolar, e por extensión coas súas familias, que ten por diante un curso máis que complicado.

É o caso do CEIP Felipe de Castro de Noia, a quen este curso a Consellaría ordenou que a liña 3 do transporte escolar só efectúe as paradas oficiais, cando en todos estes anos realizaba dúas máis, en concreto a parada de ida na Praza Marqués de Monroy e a de volta na rúa Vizconde de San Alberto. O acceso a este centro noiés é complicado xa que presenta unha costa moi empinada que dificulta que as persoas maiores acheguen o alumnado, circunstancia que se agrava máis se temos en conta a obriga de empregar máscara de protección. Cabe sinalar aquí que estas dúas paradas en absoluto supoñen un desvío na ruta do transporte e que ademais existen prazas vacantes no autobús.



Por outra banda, as instrucións recollidas no Protocolo covid-19 publicado o 31 de agosto recolle no seu punto 13.2: “Con carácter xeral cando se establezan limitacións de capacidade dos vehículos quedan suspendidas as autorizacións de carácter excepcional cando non sexa posible transportar a todo o alumnado con dereito lexítimo ao transporte (máis de 2 km)”. Tampouco parece xustificarse aquí a anulación desas paradas cando non existe ningún tipo de limitación da capacidade do vehículo e ademais conta con prazas vacantes, co que ninguén quedaría fóra deste servizo.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a manter as paradas que viña realizando en anos anteriores a liña 3 de transporte escolar do CEIP Felipe de Castro de Noia, concretamente as de Praza Marqués de Monroy e a de volta na Rúa Vizconde de San Alberto.

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 22/09/2020 18:02:56

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/09/2020 18:03:15

Gonzalo Caballero Míguez na data 22/09/2020 18:03:33



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

A residencia de maiores de Burela xestionada pola Xunta de Galicia conta con 88 prazas, 58 para residentes autónomos e 30 para residentes dependentes.

Familiares de usuarios desta residencia veñen reivindicando (xa levan recollidas a día de hoxe máis de 1.000 sinaturas apoiando este petición) a necesidade de dotala dun patio exterior ao aire libre, que poida ser empregado polos usuarios.

Agora que nos atopamos coas limitacións da covid-19 que impide aos seus usuarios poder saír da residencia, as familias dos usuarios fan esta petición xa que alegan que estar sempre encerrados está afectando psicolóxicamente ás persoas usuarias que se atopan ben e que estaban acostumados a realizar saídas diarias.

Os familiares das persoas residentes reivindican que estes maiores contén cun patio exterior no que poidan tomar o sol ou estirar as pernas, nestes momentos nos que a pandemia da covid-19 lles impide saír do centro, manténdoo dentro dunhas instalacións que non contan con ningún espazo exterior. Declaran estes familiares que: “É unha residencia aberta na que as persoas maiores que están ben poden saír, pero coa covid-19 só saíron os días 23 e 24 de xuño porque despois pecharon co rebrote que houbo na comarca e agora puideron facelo 15 días de agosto e volveron a pechar polo aumento dos casos”.

Representantes do grupo de familiares de usuarios da residencia de maiores de Burela reuníronse co Goberno do Concello de Burela, que mostrou o seu apoio a esta reivindicación, así como a colaboración precisa para que este proxecto se converta nunha realidade.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que amplíe as instalacións da residencia de maiores de Burela, dotándoa dun espazo ao aire libre.



Pazo do Parlamento, 23 de setembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 23/09/2020 12:32:05

Julio Torrado Quintela na data 23/09/2020 12:32:20

Marina Ortega Otero na data 23/09/2020 12:32:30

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/09/2020 12:35:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, relativa ao compromiso da Xunta coa recuperación do Pasatempo de Betanzos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No DOG número 35 do 20 de febreiro de 2020 publícase o Decreto 23/2020 polo que se declara ben de interese cultural o Parque do Pasatempo de Betanzos (A Coruña), co apoio unánime do Parlamento en pleno celebrado o 6 de novembro de 2018 a iniciativa do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego.

Recoñécese con este nivel de protección “un xardín de características moi singulares, que o fan único e sen igual na xardinaría galega, ademais de representar un testemuño cualificado da obra filantrópica dun indiano que se enmarca no estilo e actitude ecléctica que caracterizou a arquitectura galega de finais do século XIX e principios do XX”.

A Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia declara que integran o patrimonio artístico de Galicia «as manifestacións pictóricas, escultóricas, cinematográficas, fotográficas, musicais e das restantes artes plásticas, de especial relevancia, de interese para Galicia». E, de forma excepcional, o Parque do Pasatempo presenta como marca de identidade persoal a conxunción de boa parte delas, o que o converte nunha obra de arte senlleira, galega e universal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recoñécese nesta declaración como BIC que o Parque do Pasatempo, herdanza dos irmáns García Naveira, “é unha obra senlleira pola súa singularidade e fráxil polo abandono e as agresións a que estivo sometido, o que o converte nun ben vulnerable que require de maneira urxente afondar na súa protección e adecuada xestión”.

Unha singularidade que viñemos vendo seriamente ameazada desde hai anos até a actualidade en que a urxencia para comezar coas obras de protección e recuperación é máxima perante o risco de perder unha alfaia patrimonial definitivamente.

O abandono progresivo, as filtracións de auga ou a acción da pasarela que atravesa a estrada para comunicar ambas marxes con acceso ao parque e que está a exercer unha forte carga sobre o muro exterior reclaman unha intervención protectora de urxencia que evite a súa integridade física e mais a perda do alto valor simbólico monumental deste xardín histórico.

Unha urxente recuperación e un decidido proxecto de posta en valor imprescindíbel para un solemne conxunto artístico patrimonial longamente adiado e desatendido por todas as Administracións, que veu sendo reclamado pola Asociación de Amigos do Pasatempo e mais o BNG de Betanzos, afortalando un importante, sensíbel e crecente apoio social.

A catalogación como BIC implica o deber de conservar, manter e custodiar debidamente este ben inmóbel e evitar a súa perda, destrución ou deterioración.

O 9 de outubro de 2018 o deputado do BNG, Xosé Luís Rivas Cruz, defendeu neste Parlamento unha proposición non de lei onde instaba a “Incluír fondos suficientes para executar a rehabilitación do Pasatempo a tres bandas, xunto co Concello e a Deputación consonte os compromisos anunciados por todos estes gobernos”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais, para alén deste compromiso teórico, dous anos despois aínda nada se sabe de compromisos económicos asumidos polo goberno galego que concretasen os sucesivos anuncios para a rehabilitación do pasatempo en colaboración coas distintas administracións.

Recentemente, a Deputación da Coruña e mais o Concello de Betanzos asinaron un primeiro compromiso económico para pór en andamento a primeira fase de consolidación do parque por un importe de 525.000 euros dunha obra de restauración total valorada en 3 millóns de euros.

Para dar cumprimento á colaboración entre Administracións, cómpre que, sen máis dilación, o goberno galego se comprometa coa protección e recuperación deste ben público implicando crédito para a salvagarda desta representación da memoria do noso País inserido na cultura universal.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a se sumar á administración local e provincial e así reservar unha partida orzamentaria neste 2021 que contribúa a cumprir coas obrigas propias da catalogación de BIC para o Parque do Pasatempo que reverta o seu dramático estado de deterioro e o retorne ao uso e goce público.”

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 23/09/2020 13:45:47

Mercedes Queixas Zas na data 23/09/2020 13:45:51

Daniel Castro García na data 23/09/2020 13:46:05



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

A Consellaría de Educación leva anos convocando un programa de axudas á etapa de formación posdoutoral coa finalidade de incrementar a incorporación de persoal investigador ao sistema de I+D+i galego fomentando a mobilidade internacional e posibilitando posteriormente o establecemento dunha liña de investigación propia na súa institución de orixe.

Estas bolsas posdoutorais comprenden dous anos de estadía nunha universidade estranxeira -obrigatorios *de facto* para acceder a un posto estable na universidade española- e un de retorno nunha universidade galega, con opción a unha ampliación doutros dous para iniciar en Galicia unha liña investigadora. Son, xa que logo, unha moi boa opción para quen desexa seguir unha vía investigadora ligada ás universidades públicas galegas.

Estas axudas adoitan convocarse entre os meses de xuño e xullo, mais a convocatoria deste ano 2020 aínda non se realizou aludindo á pandemia global da Covid-19 e á falla de garantías no desenvolvemento dunha estadía no estranxeiro. O caso é que outras institucións si convocaron programas similares en Europa, por suposto con todas as garantías sanitarias obrigadas e sempre que os centros de investigación de destino o permitan.

Por iso non parece moi razoable non convocar o Programa na edición deste ano 2020, que suporía unha importante eiva non só na propia carreira investigadora das persoas afectadas senón tamén na mingua de potencial investigador para o noso País. Por outra banda, romper a regularidade das convocatorias de axudas provoca que as bolsas perdan atractivo para o persoal investigador ao non poder planificar axeitadamente e con tempo a súa solicitude.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que convoque neste ano 2020 o Programa de axudas á etapa de formación posdoutoral, esencial para apuntalar e fortalecer o tecido investigador público galego.

Pazo do Parlamento, 23 de setembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 23/09/2020 16:20:01

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/09/2020 16:20:16

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/09/2020 16:20:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, relativa á demanda de seguridade na preservación dos petróglifos de Nostián.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 4 de setembro rexistramos solicitude dirixida ao Sr. Presidente do Parlamento, en virtude do artigo 9, para que nos fose facilitada a seguinte documentación: Copia dos informes entregados por Repsol relacionados cos traballos arqueolóxicos feitos en relación á limpeza e investigación dos petróglifos de Nostián, situados no Monte dos Cazolos, pertencente ao concello da Coruña.

A conservación dos petróglifos de Nostián no Monte dos Cazolos é de relevancia maior, posto que son as primeiras manifestacións claras de arte rupestre prehistórica do arco atlántico que se producen no concello de Coruña.

A día de hoxe, continuamos en espera do devandito informe, mais o pasado 14 de setembro a Xunta de Galiza informou da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ao “proxecto de extracción, traslado e recolocación dos petróglifos de Nostián, o afloramento arqueolóxico que foi descuberto no trazado do futuro poliduto que quere construír Repsol para conectar a súa refinería co Porto Exterior da Coruña”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O proxecto presentado por Repsol, e agora aprobado polo goberno galego, é unha intervención de grande impacto no medio natural e na conservación deste importante enclave patrimonial cuxos informes acreditativos descoñecemos.

Xustifícase, por parte do goberno, a autorización das obras por cumprir co “obxectivo de protexer o conxunto antrópico e natural formado por dous gravados circulares que, aínda que non son perceptibles a simple vista, están asociados a un conxunto de cazoletas de orixe natural”.

Asemade, tal e como recolle a comunicación da Xunta de Galiza, “neste contexto, a refinería deseñou un proxecto respectuoso coa configuración do conxunto no que se contempla a retirada de dous motivos circulares para restablecelos, unha vez rematadas as obras, á súa localización orixinal”.

Á vista da información trasladada polo goberno galego, sen ter aínda recibido o informe entregado pola refinería para a súa lectura e coñecemento íntegro e coñecidos estudos arqueolóxicos que identifican o recoñecemento dun número maior dos dous petróglifos recoñecidos, así como unha relación entre as cazoletas e os petróglifos que cremos deben ser estudados conxuntamente.

A distribución, tamaño e forma das cazoletas está a suxerir que tiveron un uso ou que foron manipuladas con algunha finalidade polos construtores dos motivos de arte rupestre, quizais como muíños ou morteiros como adoita suceder noutros lugares da nosa xeografía.

As dimensións do conxunto até o de agora descuberto fai pensar na posibilidade de que este sexa maior. É por iso que sería determinante, para a comprensión totalizadora deste enclave rupestre, ampliar a área de limpeza cara á parte superior norte do panel rochoso, onde se concentran dous motivos de círculos concéntricos co fin de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dar resposta á necesidade dunha maior información sobre a natureza e alcance deste petróglifo.

Na recente visita a este importante panel de arte rupestre do Monte dos Cazolos, acompañada de profesionais da arqueoloxía, asombráronnos as recentes abrasións que amosaba a rocha, o que está a xerar moita incerteza ante o cumprimento das debidas medidas cautelares adaptadas ao respecto ao que este delicado medio natural e patrimonial obriga, o que levou a que na Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galiza se aprobase que son bens de interese cultural as covas, abrigos e lugares ao aire libre que conteñan manifestacións de arte rupestre.

As preocupacións que nos fan chegar ao BNG profesionais da arqueoloxía residen, a maiores, na desinformación a respecto dos datos do proxecto do anunciado traslado e recolocación do panel, unha vez efectuada a obra que permita o paso pola mesma zona do poliduto entre a refinería de Repsol e o porto exterior da Coruña, así como o detalle da obra do poliduto. Asemade, ignórase que financiación terá e que garantías da súa reposición, á vista dos antecedentes acontecidos na construción do porto exterior, onde aínda está pendente de se executar o compromiso da construción do Centro de Interpretación do Castro de Punta de Muros ou Castro do Cociñadoiro.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento de Galiza insta o goberno galego a facer público o informe entregado por Repsol, á vista de que outros estudos arqueolóxicos teñen descuberto máis dos dous gravados circulares aos que nel se alude, e paralizar calquera autorización de execución das obras do poliduto por parte da refinería mentres non se reconfirme o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estudo completo deste importante panel arqueolóxico, así como da relación entre as cazoletas e os petróglifos.

Asemade, instamos desde este Parlamento a velar para que calquera intervención no panel arqueolóxico, co obxectivo de garantir unha investigación máis completa e contrastada da actual, se acompañe das maiores medidas cautelares e de seguridade”.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Deputada do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 23/09/2020 16:41:52

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 23/09/2020 16:41:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a reposición de servizos de tren suprimidos, plan de mellora da rede ferroviaria e creación do ente ferroviario galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A pandemia da COVID foi utilizada como escusa polo goberno central para suprimir servizos ferroviarios en Galiza, tanto interiores como de conexión con outros territorios. Se ben a redución de servizos estaba xustificada durante o estado de alarma e as fases do chamado “desconfinamento”, a realidade é que moitos dos trens seguen sen circular.

RENFE anunciou que os servizos serían recuperados “a medida que a demanda o vaia pedindo”. Mais en pleno mes de setembro, co reinicio da actividade laboral e escolar, un terzo dos servizos de media distancia seguen suprimidos. E o mesmo ocorre coas conexións co exterior, como os comboios que unen Galiza Galiza con Euskadi e mais con Madrid, o primeiro suprimido desde marzo e o segundo reducido a tres servizos diarios. O mesmo acontece cos trens hotel entre Galiza e Madrid e Galiza e Barcelona, eliminados desde o inicio do estado de alarma.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En canto ás conexións de media distancia, reducíronse servizos entre Ferrol-Ortigueira-Ribadeo, A Coruña-Ferrol, A Coruña-Monforte, Vigo-León, Vigo-Pontevedra. No caso da liña Vigo-Porto só existe un servizo diario e o mesmo ocorre na liña Vigo-Ourense-Ponferrada.

2. Cómpre ter en conta que a situación previa á pandemia era xa de por si precaria, debido á drástica redución de servizos, ao peche de estacións, e á falta de investimentos na modernización das infraestruturas e nos equipamentos que se produce na maior parte das liñas. Cómpre tamén deixar claro que a política de redución de servizos foi executada na última década polos gobernos do Estado, maioritariamente por gobernos do PP, maioritariamente coa complicidade da Xunta de Galiza.

Esta situación viuse agravada polo incumprimento do compromiso do PP e do goberno galego para crear o Ente Ferroviario Galego, así como a Xefatura de Proximidade para Galiza que era o instrumento necesario para a posta en marcha dos servizos ferroviarios de cercanías. Como consecuencia deste desleixo, Galiza sofre o agravio de non contar con tren de cercanías, un servizo co que si contan outras comunidades como Asturias, Cantabria, Euskadi ou Navarra.

3. A crise ambiental que vive o planeta e que tamén sofre Galiza esixe cambiar os modos de mobilidade e apostar de maneira decidida pola mobilidade sustentábel. Neste contexto, o ferrocarril debe ser obxecto dunha política decidida de fomento e mellora, como alternativa saudábel, sostíbel e segura a modos contaminantes como o automóbil ou o avión.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta ao goberno galego a demandar ao goberno central:

1. A reposición dos servizos ferroviarios de media distancia e de comunicación co exterior suprimidos con motivo do estado de alarma.

2. Un plan extraordinario de investimentos para a modernización e mellora da rede ferroviaria galega que inclúa con carácter prioritario as seguintes liñas:

- Ourense-Lugo
- Lugo Coruña-Ferrol
- Coruña-Ferrol
- Ferrol-Ribadeo
- Vigo-Ourense
- Vigo-Porto

Asemade, o parlamento insta á Xunta a impulsar a creación do Ente Ferroviario Galego e do servizo ferroviario de cercanías.”

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 23/09/2020 17:45:51

Alexandra Fernández Gómez na data 23/09/2020 17:45:54

Paulo Ríos Santomé na data 23/09/2020 17:46:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Iria Carreira Pazos** e do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa á atención da cirurxía pediátrica en Ourense.

Exposición de motivos

A sanidade debера ser entendida por parte da Administración galega como un servizo público elemental para a boa calidade de vida dos galegos e galegas, máis aínda cando falamos da poboación infantil. Porén, para o caso de Ourense as decisións durante anos dos gobernos Feijóo camiñaron en dirección contraria. Así as cousas, durante os primeiros días do mes de outubro de 2013 coñeceuse publicamente a confirmación da decisión unilateral do SERGAS de constituír para a cirurxía pediátrica unha área de servizo compartido para a zona sur de Galiza.

Esta decisión supuxo na práctica que moitas familias e crianzas de Ourense que precisen deste servizo fóra da xornada ordinaria e da programación teñan que desprazarse a Vigo para o empregar. Para as crianzas e para as persoas da súa contorna persoal, desprazarse a Vigo supón un esforzo e unha complicación, máis aínda cando se trata de nenos e nenas de fóra da cidade ou das poboacións achegadas á conexión con Vigo.

Desde o BNG entendemos que esta situación non está xustificada e obedece unicamente á consolidación de políticas en materia de recortes que vén aplicando o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

gobierno do Partido Popular desde a chegada de Feijóo á presidencia da Xunta. Máis aínda, este ano este grupo parlamentar recibiu denuncias de persoas afectadas que referiron o empeoramento do servizo chegando a vivir situacións nas que os preoperatorios caducaron e se incumpriron os prazos de agarda fixados pola normativa. Polo tanto, varios anos despois da implantación do sistema, urxe a súa revisión.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a recuperar para o ano 2021 o servizo de atención de cirurxía pediátrica no CHUO garantindo que toda a actividade asistencial e cirúrxica derivada das necesidades da súa poboación se poida desenvolver en dito centro sen necesidade de derivar pacientes a outras áreas sanitarias así como a que leve a cabo as contratacións precisas para dotalo do persoal necesario e prever programas de formación e rotación para atraer especialistas.”

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/09/2020 17:58:10

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/09/2020 17:58:22

Iria Carreira Pazos na data 23/09/2020 17:58:33

Ana Pontón Mondelo na data 23/09/2020 17:58:44



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Marta Nóvoa Iglesias, Martín Fernández Prado, Elena Candia López, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Daniel Vega Pérez e Borja Vereas Fraiz** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de Motivos:

No pasado mes de agosto déronse por rematadas as obras dun dos pasos elevados sobre a vía do ferrocarril, ao seu paso polo Concello de San Cibrao das viñas, concretamente na proximidade do núcleo de poboación de Calvos.

O motivo da construción desta Ponte era substituír o que había vixente, pois a altura da electrificación da vía polo seu do AVE non era suficiente.

O novo paso elevado construíuse nun punto que dá cumprimento ao Proxecto Sectorial da Cidade de Transporte e Estación Intermodal Ferroviaria de San Cibrao das Viñas, pero cando se redactou o proxecto sectorial non se tivo en conta a condicionante da altura da electrificación de vía, pois non estaba plantexada tampouco a entrada do AVE por esta vía.

Debido a este motivo, a pendente final do tramo de acceso a este paso elevado dende a OU-40 é a todas luces excesiva, pero dada as características técnicas da vía, a situación da OU-40 e os terreos expropiados para esta obra vemos que é imposible reducir esta pendente, pero si que é posible realizar melloras na solución final que se lle deu a este paso elevado

Na documentación que recibiu o Concello de San Cibrao das Viñas, cando se propuxo o cambio da solución inicialmente prevista ata a que se executou agora, a solución correspondente ao taboleiro que se sitúa xusto enriba da vía do ferrocarril, tiña previsto un ancho de paso total de 10,5m, con 6m reservados aos carrís de vehículos de 2,07 m a cada lado onde se situarían as biondas, as proteccións antivandálicas e os pasos peonís.

Con esta documentación recibida, entendeuse, evidentemente de maneira errónea, que a sección proposta sería a que se utilizaría na totalidade do vial executado, non só no taboleiro.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



O caso é que nin se empregou esa sección no taboleiro, que foi finalmente de 6m nos dous carrís de circulación, máis 1m a cada lado de beirarrúa para peóns.

Polo tanto, o que quedou a ambos lados do taboleiro central, foi un vial de 6m só, sen beirarrúa, sen espazo seguro para os peóns que teñen que circular polo medio dos viais de circulación, pois non hai espazo material, entre o final do carril e o final do talud, poñendo en grave risco a seguridade dos cidadáns de San Cibrao viñas, que teñen que transitar entre os numerosos vehículos pesados que circulan por esta vía, pois ao lado do paso elevado, hai unha canteira.

Dende o Concello de San Cibrao, deuse conta da disconformidade aos xefes de obra de ADIF nesta zona da obra do AVE, ao seu paso por San Cibrao das viñas, e non deron resposta dunha posible modificación para solucionar este grave problema de tránsito para os numerosos peóns que circulan pola zona.

Por todo o anteriormente citado, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que demande do Goberno de España, e concretamente a ADIF, que estude a forma de executar, e execute, unha ampliación do vial que permita a creación dunha zona de paso peonil segura nos accesos ao paso elevado do pobo de Calvos en San Cibrao das Viñas”

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/09/2020 18:43:09

Marta Nóvoa Iglesias na data 23/09/2020 18:53:55

Martín Fernández Prado na data 23/09/2020 18:54:19

María Elena Candia López na data 23/09/2020 18:54:37

Ramón Carballo Páez na data 23/09/2020 18:54:54

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Sol Díaz Mouteira na data 23/09/2020 18:55:11

Daniel Vega Pérez na data 23/09/2020 18:55:31

Borja Vereza Fraiz na data 23/09/2020 18:55:50

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Noelia Pérez López, Martín Fernández Prado, Marta Nóvoa Iglesias, Elena Candia López, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Daniel Vega Pérez, Raquel Arias Rodríguez e Borja Vereja Fraiz** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.

Exposición de motivos:

O Grupo Parlamentario Popular avoga por un transporte público de calidade e pola mellora das infraestruturas que faciliten a mobilidade das persoas. Neste contexto, o ferrocarril é unha das posibilidades idóneas para garantir o dereito irrenunciable que te os cidadáns á mobilidade por, entre outros motivos, seguridade, comodidade, sustentabilidade ambiental, redución do tránsito de vehículos nas estradas e vertebración territorial.

Para garantir os servizos e a competitividade dos territorios, é preciso que os cidadáns teñan a súa disposición un transporte ferroviario de calidade. Iso supón que poidan dispoñer dunha oferta acorde coas súas necesidades, tanto no que respecta ás características dos trens, como a itinerarios, tempos de viaxe e frecuencias.

Estes requisitos, lamentablemente non se están a cumprir na nosa Comunidade, que nos últimos anos ven sendo obxecto dunha continua redución e supresión de servizos por parte do Goberno central presidido polo Partido Socialista.

Esta xa de por si situación precaria viuse agravada, nestes últimos meses, polo contexto sanitario e a declaración do estado de alarma por mor da Covid-19, que limitou ostensiblemente a mobilidade das persoas.

Pese a restablecerse o dereito á mobilidade dos cidadáns, RENFE e por ende o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, non restableceron os enlaces nin as frecuencias existentes no noso territorio previos á declaración de dito estado, co conseguinte agravio tanto a nivel de competitividade como de mobilidade de milleiros de galegas e galegos.

A conselleira Ethel Vázquez xa advertiu en reiteradas ocasións ao Goberno Central do forte impacto negativo que está a ter esta situación tanto na poboación como na economía xeral de Galicia.



Así e a todo, no caso concreto da provincia de Ourense, RENFE esqueceu recuperar o tren Avant que sae de Ourense con destino A Coruña ás 6:45 horas e que traslada principalmente a traballadores, funcionarios e estudantes universitarios.

Tamén esqueceu repoñer o ALVIA (con dous vagóns con código compartido AVANT) que saía ás 15:12 h. de Santiago de Compostela e chegaba a Ourense ás 15:48 h. outra das frecuencias máis empregadas por todos os traballadores e estudantes que regresan ao seu lugar de residencia tras a súa xornada

Consideramos desde o Grupo Parlamentario do Partido Popular que a situación xerada pola Covid-19 non pode ser utilizada como excusa polo Goberno central para eliminar servizos ferroviarios na nosa Comunidade e privar ás galegas e galegos dun servizo público esencial, cos conseguíntes prexuízos na mobilidade, pero tamén na actividade económica que diso se deriva e na conciliación da vida laboral e familiar para moitas familias galegas

Por todo o exposto, desde este Grupo Parlamentario, presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que:

1.-Restablezca todos os servizos de tren que foron suprimidos amparándose na pandemia provocada pola COVID-19, tanto no que ten que ver nas conexións interiores na propia Comunidade galega como coas conexións de Galicia con outras Comunidades Autónomas, e que no caso concreto de Ourense se recuperen con carácter urxente as frecuencias do Avant Ourense-A Coruña con saída ás 6:45 h. e o ALVIA (con dous vagóns con código compartido AVANT) que saía ás 15:12 h. de Santiago de Compostela e chegaba a Ourense ás 15:48 ao obxecto de facilitar a mobilidade da cidadanía, a actividade económica e salvagardar o dereito á conciliación da vida laboral e familiar.”

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2020.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/09/2020 19:34:48

Noelia Pérez López na data 23/09/2020 19:35:04

Martín Fernández Prado na data 23/09/2020 19:35:24

Marta Nóvoa Iglesias na data 23/09/2020 19:35:50

María Elena Candia López na data 23/09/2020 19:36:02

Ramón Carballo Páez na data 23/09/2020 19:36:59

María Sol Díaz Mouteira na data 23/09/2020 19:37:16

Daniel Vega Pérez na data 23/09/2020 19:37:28

Raquel Arias Rodríguez na data 23/09/2020 19:37:45

Borja Vereza Fraiz na data 23/09/2020 19:38:00



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A atención primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de todos os axentes implicados no deseño e implementación das políticas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, dita saturación tivo un maior incremento debido a pandemia da Covid-19. Isto vén dunha ineficiente xestión en termos de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia. Ao fío desta situación, veu estando en entredito o modelo tanto de xestión como asistencial aplicado en atención primaria. Estas tensións entre profesionais e xestores do sistema viu en Galicia un foco específico de protestas, concatenándose a folga do persoal dos PAC, as diferentes manifestacións multitudinarias e a dimisión de case a totalidade dos xefes de servizo de atención primaria do área sanitario de Vigo, a máis grande de Galicia.

A Xunta de Galicia ven de desenvolver un proceso de lavado de cara có cambio de Conselleiro de Sanidade e do equipo directivo do Sergas e coa conformación de comisións de traballo que, supostamente, terían a capacidade de modificar as ineficiencias do sistema e ofrecer solucións para unha reformulación do modelo de atención primaria. Non en tanto, o desencanto parece terse consolidado, xa que a política do novo conselleiro é unha política continuista do anterior equipo e co anuncio xa de medidas antes de recibir as conclusións, e coa non concreción a través dos orzamentos dun modelo real de transformación e de afrontamento os problemas reais de precariedade e déficit en volume de recursos humanos, así como unha necesidade de reorganizar a primeira e darlle máis peso dentro do global do sistema sanitario.



O Centro de Saúde do Concello de Vilaboa, ten medicina xeral e pediatría (4 médicos xerais e 1 pediatra) 1 matrona, 2 administrativos e 3 de enfermaría. A non cobertura de ausencias, ben sexa por baixas ou vacacións, xunto có repunte da Covid-19 fai cos habitantes deste concello estean coa metade da plantilla habitual e co agravante de non ter pediatra ao estar a persoa titular de baixa de longa duración. Esta situación deriva nunha saturación profunda dos profesionais que, sen axuda da consellería de Sanidade, ven como deben asumir o volume das súas consultas .

Este problema está causando malestar entre a veciñanza que demanda unha solución ao problema. O Sergas dille de palabra ao alcalde que os pais e nais leven aos menores a Soutomaior, a consellería de Sanidade explícalles que os atenderán aínda que non sexa unha urxencia, para paliar a carencia. Esa non é a solución que queren os habitantes desta vila, porque no inicio do curso escolar hai unha maior demanda.

Por todo isto esiximos dende o Grupo Parlamentario Socialista que se cubran as prazas vacantes para dar o servizo sanitario á poboación de Vilaboa, principalmente a praza do pediatra. Non existe contestación dende fai meses por parte da Consellería de Sanidade, o que amosa unha desidia pola resolución do problema.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a garantir a correcta e plena asistencia sanitaria no centro de saúde de Vilaboa, especialmente en pediatría para que a súa veciñanza non teña que desprazarse a Soutomaior cos seus cativos e cativas.

Pazo do Parlamento, 24 de setembro do 2020

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 24/09/2020 10:26:29

Julio Torrado Quintela na data 24/09/2020 10:26:38

Marina Ortega Otero na data 24/09/2020 10:26:45

Gonzalo Caballero Míguez na data 24/09/2020 10:26:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e das deputadas **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres, Daniel Pérez López, Iria Carreira Pazos e Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre as restricións aplicadas a locais de lecer nocturno e a inexistencia de limitacións respecto de casinos e casas de apostas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Orde de 10 de setembro de 2020 (DOG de 11/9/2020) pola que se aproban, modificando a regulación existente ate o momento, medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo Covid-19 unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade establece unha serie de limitacións para a apertura, funcionamento e ocupación nos denominados establecementos do ocio nocturno. Entendéndose por establecementos de lecer nocturno, a efecto de aplicación da referida norma, as discotecas, pubs, cafés-espectáculo, salas de festas, así como as salas de concertos que desenvolvan as súas actividades de forma análoga aos anteriores.

Na referida Orde da Xunta de Galiza límitase o horario de apertura dos establecementos de lecer ate a 1,00 hora, se ben deberá de deixarse de servir as 00,00 horas. Asemade, redúcese ao 75% as posibilidades de ocupación das terrazas,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prohibíndose o uso de instalacións interiores, servizos de barra ou todos aqueles que espazos que estean pechados por máis de dous dos seus laterais.

Tales limitacións -con evidentes e relevantes consecuencias económicas e laborais- xustifícase en que eses establecementos constitúen actualmente a orixe dos gromos epidémicos con maior número de casos asociados» e pola propia natureza da actividade que se desenvolve no interior destes locais que se entende dificulta enormemente a implementación práctica doutras medidas como o distanciamento interpersoal».

A realidade é que, sen información previa dos datos obxectivos que xustificaren a decisión, nin xa que logo que podan acreditar tal medida, a decisión esta a prexudicar gravemente a un sector cun claro compoñente de estacionalidade, e que esta a influír negativamente nos hábitos de consumo e lecer da cidadanía atinxida pola medida.

A decisión da Xunta de Galiza, voluntaria ou involuntariamente, esquece a existencia de casinos e casas de apostas, de tal xeito que continúa vixente a posibilidade de que estes establecementos permanezan abertos e en funcionamento no seu horario ordinario, até as 4:00 horas. Isto é, os casinos e casas de apostas poden servir bebidas alcohólicas, admitir e atender no seu interior a clientes até as 4:00 horas, sen que exista razón que explique tal permiso ou, dito doutro xeito, que ampare a diferenza de trato existente.

Así, as medidas acordadas están a provocar que as actividades de socialización e diversión nocturna se estean a desprazar a locais de xogo, bingos e casinos, promovendo -consciente ou inconscientemente -o consumo de produtos de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xogo e aposta. É significativo ver a lonxitude das ringleiras de entrada en bingos ou casinos como o situado no Centro Comercial Alaxe, en Vigo, cuxa extensión mesmo chamou a atención dos medios de comunicación.

E por iso o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a implementar as accións tendentes a que os horarios de actividade e servizo dos establecementos de lecer nocturno non sexan inferiores aos dos casinos e locais de apostas.”

En Santiago de Compostela a 24 de setembro de 2020

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/09/2020 10:30:00

María do Carme González Iglesias na data 24/09/2020 10:30:03

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/09/2020 10:30:13

Daniel Pérez López na data 24/09/2020 10:31:01

Iria Carreira Pazos na data 24/09/2020 10:31:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, relativa á discriminación do alumnado de bacharelato con ensino semipresencial.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A consellaría de educación publicou o 16 de setembro de 2020, data inicialmente prevista para o inicio do curso, unha orde que prevé a posibilidade de ensinanza semipresencial, con carácter excepcional, nas ensinanzas de bacharelato, formación profesional e ensinanzas de réxime especial.

Segundo os datos dispoñíbeis, esta modalidade implantouse en 17 institutos de Galiza, 5 deles do concello de Pontevedra, provocando o malestar e a protesta de nais e pais e do alumnado, por entender que se produce unha situación de discriminación con respecto á maioría dos institutos de Galiza debido á redución de xornada lectiva de 32 a 15 horas semanais. Ademais, no caso do Sánchez Cantón a docencia será en horario de tarde, o que dificulta a conciliación con outras actividades educativas e deportivas.

Esta situación de docencia semipresencial supón unha evidente desigualdade no acceso á educación e un grave prexuízo para o alumnado, que non vai dispoñer de atención educativa *on line* nas 17 horas restantes. E ademais, constitúe un evidente incumprimento da normativa vixente, que establece a docencia de 32 horas nos cursos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de bacharelato. Este feito ten unha maior relevancia neste nivel educativo, especialmente no segundo curso, xa que o estudantado ten que presentarse ás ABAU e a menor carga lectiva e redución da docencia presencial pode ter unha incidencia directa na preparación dunhas probas que son decisivas para o futuro.

A solución implantada pola administración educativa responde unicamente a un criterio de aforro económico: en lugar de facer desdobres e contratar máis profesorado, recórrase a solucións de ensino *low cost* como a semipresencialidade con horario reducido ou a colocación de mamparas.

Ademais dos evidentes prexuízos para o alumnado que leva consigo esta medida, está a producir como efecto derivado perverso o transvase de alumnado de bacharelato para centros privados da contorna.

Por este motivo, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Garantir a igualdade de oportunidades e as mesmas condicións lectivas para todo o estudantado, con medidas como a implantación de desdobres e a contratación de máis profesorado.

2. No caso do estudantado de segundo de bacharelato, garantir que todos os centros educativos ofrezan a modalidade de ensino presencial co horario completo de 32 horas lectivas, rematando coa discriminación que sofre o alumnado que comezou o curso con modalidade semipresencial e xornada reducida.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2020

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/09/2020 13:09:18

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/09/2020 13:09:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre investigación independente accidente de Angrois.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O accidente do tren Alvia que se produciu na curva de Angrois o 24 de xullo de 2013 deixou un dramático balance de 81 persoas mortas e 144 feridas. Cando xa pasaron máis de 7 anos do sinistro, a Asociación da Plataforma de Víctimas do Alvia 04155 segue reclamando Verdade, Xustiza e Reparación.

Máis alá dos atrancos e decepcións dunha instrución xudicial interminábel, as vítimas veñen reclamando de maneira insistente a necesidade de realizar unha investigación independente sobre o ocorrido, tal como no seu día determinou a Axencia Ferroviaria Europea, que nun informe de xullo de 2016 determinou que a investigación levada a cabo pola Comisión de Investigación de Accidentes Ferroviarios (CIAF) non foi independente, xa que a citada Axencia depende do Ministerios e Fomento, e que non tivo en conta elementos clave.

Por outra parte, a Comisión Europea abriu en xaneiro de 2018 un procedemento de infracción ao Estado español en relación co incumprimento da normativa europea de seguridade en materia ferroviaria, no que se inclúe o accidente de Angrois.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O pasado mes de marzo de 2020, a Comisaria de Transportes da UE, Adina Vaele, manifestou nunha resposta a unha pregunta do BNG que demandou ás autoridades españolas que a informen periodicamente sobre a longa listaxe de medidas que deben adoptar os distintos axentes do sector ferroviario en España e os prazos de execución.

A realidade é que logo de máis de 7 anos nin se sabe a verdade do que aconteceu, non se fixo xustiza, nin houbo unha axeitada reparación ás vítimas e ás súas familias, nin se tomaron as medidas necesarias para evitar que un accidente como o de Angrois volva producirse.

Durante estes sete anos houbo catro gobernos no Estado que non atenderon nin as demandas das vítimas nin o requerimento da Comisión Europea de promover unha investigación técnica independente. En canto á comisión de investigación parlamentaria creada no Congreso pechouse en falso antes de rematar os traballos e aprobar as conclusións.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta á Xunta a demandar do goberno do Estado a apertura dunha investigación independente sobre o accidente ferroviario de Angrois que permita coñecer a verdade do que aconteceu e que contribúa a evitar que accidentes coma este volvan producirse no futuro.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2020

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/09/2020 13:52:20

Paulo Ríos Santomé na data 24/09/2020 13:52:25

Alexandra Fernández Gómez na data 24/09/2020 13:52:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de negociar o réxime xurídico e retributivo das matronas de Atención Primaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 1993 publicouse o Decreto do 29 de xullo de Ordenación da Atención primaria en Galiza, no que se regula as retribucións de todo o persoal de Atención Primaria. Deste decreto quedaron excluídas as matronas, establecendo na disposición transitoria cuarta do mesmo que “O consello da Xunta de Galiza regulará o réxime xurídico e retributivo das prazas de enfermeira obstétrico-xinecolóxicas”.

26 anos despois, por parte da Xunta non se ten acometido esta regulación, o que significa para este colectivo un sistema retributivo baseado nun mapa sanitario do ano 1989 que non recolle a poboación actual dos concellos, unha perda de máis de 100 euros mensuais, non se lle recoñecen conceptos que se lle pagan a outros colectivos: número de tarxetas sanitarias, dispersión, illamento, non recoñece a carteira de servizo actual, non ter unha ratio de mulleres a atender. En suma unha disfuncionalidade entre os servizos prestados e as retribucións percibidas.

Ao relatado temos que engadir que as necesidades de material das consultas de matronas quedaron fóra dos plano de dotación que se está a facer na Atención Primaria, e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

polo tanto o que teñen é un material obsoleto que que dificulta a atención que teñen que prestar.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Iniciar de inmediato a negociación do réxime xurídico e do sistema retributivo das Matronas de Atención Primaria.

2.- Dotar as consultas de matronas do material actualizado preciso para prestar unha atención digna.

3.- Aumentar as prazas de matronas tanto para garantir a equidade en toda Galiza como para que as ratios matrona/nº de mulleres se adecúen ao recomendado.”

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/09/2020 14:06:53

Iria Carreira Pazos na data 24/09/2020 14:07:02

Olalla Rodil Fernández na data 24/09/2020 14:07:13



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Martín Seco García, Patricia Otero Rodríguez e Leticia Gallego Sanromán**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

A empresa conserveira Thenaisie Provoté, coñecida como “a fábrica de Rons”, situada en O Grove e con local tamén en Mos onde se realizan algúns labores complementarias para o traballo global, estase a ver nunha situación incerta que afecta, fundamentalmente, ás súas traballadoras que suman un número estable en torno a 125 pero que, de maneira habitual, incrementase con traballadores temporais debido ás cargas de traballo.

A fábrica atópase nun proceso de concurso de acredores, que ameaza con deixar na rúa ás traballadoras dunha empresa que resulta fundamental para a poboación de O Grove pola súa vinculación co territorio e o volume de traballadores/as directos e indirectos afectados/as.

A situación ten posibles saídas, pois foron coñecidas propostas de compra da empresa que poderían resolver a situación e afrontar con nova forza un proxecto empresarial. Nesta solución existiron moitos axentes que contribuíron, como os representantes dos traballadores a través das organizacións sindicais ou o Concello de O Grove a través do seu alcalde. Non en tanto a Xunta de Galicia estase convertendo nun obstáculo para a solución, pois a intervención do Igape está enlentecendo a situación e dificultando unha solución. Polo contrario, tampouco ofrece a Xunta de Galicia outra vía para resolver o conflito, polo que nin fai nin deixa facer.

A importancia absoluta na vila e na comarca do mantemento da actividade e o emprego nesta fábrica é determinante para que todas as administracións poñan todo o seu esforzo para resolver a cuestión.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a facilitar a resolución do conflito que ameaza co peche á fábrica de Rons, Thenaisie Provoté, e o centro adxunto en Mos, traballando en colaboración coas traballadoras e os posibles compradores que xa manifestaron a súa intención e apoiar, mediante o Igape e os mecanismos necesarios da Administración, o mantemento da actividade e o emprego.

Pazo do Parlamento, 24 de setembro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Martín Seco García
Patricia Otero Rodríguez
Leticia Gallego Sanromán
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 24/09/2020 14:24:28

Martín Seco García na data 24/09/2020 14:24:35

Patricia Otero Rodríguez na data 24/09/2020 14:24:45

María Leticia Gallego Sanromán na data 24/09/2020 14:24:59





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2463
Data envío: 24/09/2020 14:28:24.257

Gonzalo Caballero Míguez na data 24/09/2020 14:25:05

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGyMputg09b7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Martín Seco García, Patricia Otero Rodríguez e Leticia Gallego Sanromán**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 8.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

A empresa conserveira Thenaisie Provoté, coñecida como “a fábrica de Rons”, situada en O Grove e con local tamén en Mos onde se realizan algúns labores complementarias para o traballo global, estase a ver nunha situación incerta que afecta, fundamentalmente, ás súas traballadoras que suman un número estable en torno a 125 pero que, de maneira habitual, incrementase con traballadores temporais debido ás cargas de traballo.

A fábrica atópase nun proceso de concurso de acredores, que ameaza con deixar na rúa ás traballadoras dunha empresa que resulta fundamental para a poboación de O Grove pola súa vinculación co territorio e o volume de traballadores/as directos e indirectos afectados/as.

A situación ten posibles saídas, pois foron coñecidas propostas de compra da empresa que poderían resolver a situación e afrontar con nova forza un proxecto empresarial. Nesta solución existiron moitos axentes que contribuíron, como os representantes dos traballadores a través das organizacións sindicais ou o Concello de O Grove a través do seu alcalde. Non en tanto a Xunta de Galicia estase convertendo nun obstáculo para a solución, pois a intervención do Igape está enlentecendo a situación e dificultando unha solución. Polo contrario, tampouco ofrece a Xunta de Galicia outra vía para resolver o conflito, polo que nin fai nin deixa facer.

A importancia absoluta na vila e na comarca do mantemento da actividade e o emprego nesta fábrica é determinante para que todas as administracións poñan todo o seu esforzo para resolver a cuestión.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a facilitar a resolución do conflito que ameaza co peche á fábrica de Rons, Thenaisie Provoté, e o centro adxunto en Mos, traballando en colaboración coas traballadoras e os posibles compradores que xa manifestaron a súa intención e apoiar, mediante o Igape e os mecanismos necesarios da Administración, o mantemento da actividade e o emprego.

Pazo do Parlamento, 24 de setembro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Martín Seco García
Patricia Otero Rodríguez
Leticia Gallego Sanromán
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 24/09/2020 14:25:21

Martín Seco García na data 24/09/2020 14:25:29

Patricia Otero Rodríguez na data 24/09/2020 14:25:41

María Leticia Gallego Sanromán na data 24/09/2020 14:25:50





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2464
Data envío: 24/09/2020 14:28:35.123

Gonzalo Caballero Míguez na data 24/09/2020 14:26:00

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGyMputg09b7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Patricia Otero Rodríguez e Paloma Castro Rey**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

A relación natural entre o porto e os espazos urbanos ten en Galicia unhas características particulares. Como é habitual en case todas as vilas e pobos mariñeiros, a vida portuaria foi sempre ligada ao desenvolvemento da propia poboación, e a vinculación urbanística entre ambos espazos estivo sempre ligada. A estruturación administrativa causou unha dicotomía que, na maior parte dos pobos e vilas costeiras con entidade portuaria, provoca a confluencia de intereses de entidades administrativas distintas como son o Porto e os concellos.

De xeito especial esta relación está condicionada no plano urbanístico polo amplo espazo sobre o que o Porto ten responsabilidade administrativa, por ser da súa titularidade, froito do crecemento sobre o mar que as actividades portuarias foron desenvolvendo, pero que son terreos de uso urbano, afastados da actividade marítima e pesqueira. Existen exemplos en todo o territorio costeiro de Galicia, observando case que en cada vila como o Porto é titular dun espazo que, en termos xerais, úsase para actividade urbana. Tal é así que en moitas ocasións os propios veciños e veciñas descoñecen esta titularidade, e non a comprenden, por ser Portos de Galicia titular de terreos que nada teñen que ver coa súa actividade.

Este escenario provoca problemas de xestión habituais para todos os concellos, que pretenden desenvolver actividades e usos deses terreos, pero necesitan de autorización e aceptación de Portos, sendo esta unha institución que non comprende a necesidade deses usos, retrasa os procesos e/ou os dificulta e impide. Ademais dos concellos, numerosos colectivos sociais, culturais ou deportivos, tenden a querer usar tales terreos, normalmente ben situados nas vilas costeiras, atopándose con que Portos esixe unha taxas inasumibles e considera, discrecionalmente, o seu uso. Pola contra, eses terreos non son obxecto da atención de Portos de Galicia, nin do investimento, polo que



terminan por deteriorarse e acumular lixo, sendo os concellos os que, por responsabilidade, terminan por asumir o custo do seu mantemento sen ser titulares.

Esta inxustiza entre titularidade, utilidade, uso e beneficio, resulta incomprensible para a inmensa maioría de concellos, o que repercute na vida cotiá e posibilidades de mellora dos espazos públicos para veciños e veciñas. Por esta situación sería necesario iniciar procesos de diálogo para resolver a cuestión, voluntarios por concellos, para poder afrontar métodos de reversión desas titularidades.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a abrir un procedemento normativo que permita a negociación bilateral voluntaria dos concellos coa entidade Portos de Galicia para, nos formatos e medidas que ambas administracións acorden, ofrecer a posibilidade de reverter a titularidade de terreos portuarios cara os concellos, cando o seu uso para fins relacionados co porto sexa residual ou inexistente e teñan posibilidades de utilización municipal.

Pazo do Parlamento, 23 de setembro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Patricia Otero Rodríguez

Paloma Castro Rey

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 24/09/2020 16:09:57

Patricia Otero Rodríguez na data 24/09/2020 16:10:04





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2470
Data envío: 24/09/2020 16:11:35.828

Paloma Castro Rey na data 24/09/2020 16:10:15

Gonzalo Caballero Míguez na data 24/09/2020 16:10:25

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Patricia Otero Rodríguez e Paloma Castro Rey**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

A relación natural entre o porto e os espazos urbanos ten en Galicia unhas características particulares. Como é habitual en case todas as vilas e pobos mariñeiros, a vida portuaria foi sempre ligada ao desenvolvemento da propia poboación, e a vinculación urbanística entre ambos espazos estivo sempre ligada. A estruturación administrativa causou unha dicotomía que, na maior parte dos pobos e vilas costeiras con entidade portuaria, provoca a confluencia de intereses de entidades administrativas distintas como son o Porto e os concellos.

De xeito especial esta relación está condicionada no plano urbanístico polo amplo espazo sobre o que o Porto ten responsabilidade administrativa, por ser da súa titularidade, froito do crecemento sobre o mar que as actividades portuarias foron desenvolvendo, pero que son terreos de uso urbano, afastados da actividade marítima e pesqueira. Existen exemplos en todo o territorio costeiro de Galicia, observando case que en cada vila como o Porto é titular dun espazo que, en termos xerais, úsase para actividade urbana. Tal é así que en moitas ocasións os propios veciños e veciñas descoñecen esta titularidade, e non a comprenden, por ser Portos de Galicia titular de terreos que nada teñen que ver coa súa actividade.

Este escenario provoca problemas de xestión habituais para todos os concellos, que pretenden desenvolver actividades e usos deses terreos, pero necesitan de autorización e aceptación de Portos, sendo esta unha institución que non comprende a necesidade deses usos, retrasa os procesos e/ou os dificulta e impide. Ademais dos concellos, numerosos colectivos sociais, culturais ou deportivos, tenden a querer usar tales terreos, normalmente ben situados nas vilas costeiras, atopándose con que Portos esixe unha taxas inasumibles e considera, discrecionalmente, o seu uso. Pola contra, eses terreos non son obxecto da atención de Portos de Galicia, nin do investimento, polo que terminan por deteriorarse e acumular lixo, sendo os concellos os que, por



responsabilidade, terminan por asumir o custo do seu mantemento sen ser titulares.

Esta inxustiza entre titularidade, utilidade, uso e beneficio, resulta incomprensible para a inmensa maioría de concellos, o que repercute na vida cotiá e posibilidades de mellora dos espazos públicos para veciños e veciñas. Por esta situación sería necesario iniciar procesos de diálogo para resolver a cuestión, voluntarios por concellos, para poder afrontar métodos de reversión desas titularidades.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a abrir un procedemento normativo que permita a negociación bilateral voluntaria dos concellos coa entidade Portos de Galicia para, nos formatos e medidas que ambas administracións acorden, ofrecer a posibilidade de reverter a titularidade de terreos portuarios cara os concellos, cando o seu uso para fins relacionados co porto sexa residual ou inexistente e teñan posibilidades de utilización municipal.

Pazo do Parlamento, 23 de setembro do 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Patricia Otero Rodríguez

Paloma Castro Rey

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 24/09/2020 16:08:24

Patricia Otero Rodríguez na data 24/09/2020 16:08:31

Paloma Castro Rey na data 24/09/2020 16:08:43

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2471
Data envío: 24/09/2020 16:11:53.548

Gonzalo Caballero Míguez na data 24/09/2020 16:08:50

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGyMputg09b7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa as medidas a tomar diante da vulneración dos dereitos lingüísticos dxs galego falantes na Consellaría de Sanidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os galegas e galegos só atopamos dificultades para vivir con normalidade en galego. O noso idioma sofre marxinación en ámbitos tan diferentes como no ensino, na administración, na xustiza, no audiovisual, no lecer, medios de comunicación, edición de libros...

Ter unha lingua propia é unha riqueza, é un tesouro. Normalizar a lingua é normalizar a existencia plena do pobo galego.

Por iso é incomprensíbel que o PP, con Feixóo á cabeza, se empeñe en debilitar a lingua propio do pobo galego, facendo que perda protagonismo polas políticas de desprezo e agresión que practican.

Dentro do incumprimento xeneralizado por parte da Xunta de Galiza a Consellaría de Sanidade é das que máis denuncias recibe cada ano da cidadanía por vulneración de dereitos lingüísticos como reflicte anualmente o informe do servizo A Liña do Galego posto en marcha pola Mesa pola Normalización Lingüística.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Trátase dunha práctica constante e reiterada que vai desde a sinalética nos centros sanitarios, os informes entregados xs doentes, a documentación interna, a atención tanto telefónica como presencial...

É inaceptábel que o Goberno galego na vez de impulsar o coñecemento, o uso e o respecto dos dereitos lingüísticos das galegas e galegxas sexa o principal incumpridor, e aínda máis cando ese incumprimento se produce nunha situación de tanta vulnerabilidade como cando unha persoa precisa de atención sanitaria.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta a:

- 1.- Normalizar a presenza do galego nos centros sanitarios: sinalética, cartelaría, documentación interna e na relación cxs doentes
- 2.- Garantir a existencia de exemplares en galego de calquera documentación que se lle teña que facilitar xs doentes ou que teñan que asinar.
- 3.- Realizar todas as actuacións formativas precisas tanto para que xs profesionais teñan a competencia lingüística precisa para atender xs doentes no noso idioma como para que coñezan os dereitos lingüísticos que os asisten.”

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 24/09/2020 16:37:12

María Montserrat Prado Cores na data 24/09/2020 16:37:16

Mercedes Queixas Zas na data 24/09/2020 16:37:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, relativa á modificación dos criterios polos que se fixa unha renda máxima de aluguer dentro das bases reguladoras do Programa de bono social.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 12 de febreiro de 2015 o Consello da Xunta aprobou o Plan RehaVita, Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora do acceso á vivenda 2015-2020. Un dos eixes de actuación deste Plan, en concreto o seu punto terceiro, sinalaba a necesidade de crear un programa específico dirixido a dar resposta a aquelas persoas con maiores dificultades para o pagamento das rendas de vivendas alugadas.

Esta estratexia concretouse no Programa de bono de alugamento social que establece unha serie de subvencións e cuxas bases reguladoras foron establecidas mediante a Orde do 15 de decembro de 2017 e publicadas o 10 de xaneiro de 2018 no Diario Oficial de Galicia. Ditas bases foron actualizadas un ano despois mediante unha nova orde do 18 de decembro de 2018 e publicada no Diario Oficial de Galicia o 7 de xaneiro de 2019.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O bono do alugueiro foi deseñado como unha axuda directa cunha contía fixa que varía atendendo ao concello no que se atope a vivenda. Desta forma as axudas pretenden adaptarse ou ter en conta as diferenzas no prezo dos alugueiros que existen entre concellos. Así establécese un máximo variable por concellos, tanto para definir as contías das axudas, que varían entre os 175€ e 225€; como para fixar un límite de rendas mensuais máximas do contrato de alugamento, que varían entre os 350€ e os 450€. En principio pode parecer un criterio adecuado para dar unha resposta eficaz ás diferentes situacións dentro do mercado do aluguer que se vive en Galiza, mais demóstrase insuficiente e limitadora ao non incluír como criterio para o establecemento destas contías o número de membros convivintes. De forma que para un mesmo concello, poñamos como exemplo Vigo, unha unidade de convivencia formada por unha única persoa e outra formada por 4 ou 5 membros, teñen un mesmo límite da renda mensual fixada en 450€. Resulta máis que evidente que as necesidades de espazo son diferentes nun caso e noutro e que, polo tanto, este parámetro de prezo máximo da renda da vivenda debería estar en consonancia co número de membros da unidade de convivencia.

Continuando co exemplo citado, despois dunha pesquisa nun dos buscadores de vivenda máis empregado, comprobamos como para o concello de Vigo, cunha renda de alugueiro máxima de 450€ só é posible atopar vivendas dun máximo de dúas estancias: unha principal e un dormitorio. Polo tanto, cos actuais criterios que definen as bases reguladoras, unha familia formada por catro ou cinco membros terían imposible acceder a unha vivenda suficiente para cubrir as súas necesidades. Obrigándoa ben a deslocalizarse a outro concello, co





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

impacto que isto ten para quen xa se atopa nunha situación económica difícil, ou ben a vivir nun espazo reducido e insuficiente.

O actual contexto de aumento dos prezos da vivenda en alugueiro, especialmente nos concellos máis poboados, está a afogar economicamente ás familias traballadoras e facendo con que cada vez sexan máis as persoas que non poden acceder a unha vivenda digna. A solución ante este aumento dos prezos dos alugueiros non pode vir da man única e exclusivamente de axudas directas e requiren de medidas máis ambiciosas que reordenen o parque inmobiliario, intervindo e mobilizando as vivendas baleiras e creando un parque público de vivendas suficiente e capaz de ofrecerse como alternativa ao mercado privado e, polo tanto, actuando como limitador e regulador dos actuais prezos abusivos.

A pesar de que axudas como a do bono de alugueiro social resultan insuficientes ou carentes de estratexia a medio e longo prazo á hora de ofrecer unha alternativa habitacional estable para aquelas persoas con dificultades para o pagamento da renda do aluguer, deberían cando menos cubrir os obxectivos inmediatos que se fixan e polo tanto establecer uns criterios xustos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Modificar os criterios cos que se fixa unha renda mensual máxima de alugueiro, de forma que o criterio de localización e o de número de convivintes sexan complementarios.

-Deseñar unha estratexia a medio e longo prazo para a ir substituíndo este tipo de axudas pola prestación directa de alternativa habitacional pública por parte do IGVS.”

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2020

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 24/09/2020 16:57:20

Xosé Luis Bará Torres na data 24/09/2020 16:57:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López** e da deputada **Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre a situación de NAVANTIA RÍA DE FERROL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os centros de traballo de NAVANTIA RÍA DE FERROL chegaron a ocupar 15.000 traballadores e traballadoras, hoxe non chegan a 3.000.

A política coñecida como de reconversión aplicada polos diferentes gobernos do estado, agochando detrás de esa denominación o que resultou ser unha política absolutamente decidida a desmantelar o sector, ten provocado unha perda de poboación e nomeadamente de poboación activa na comarca de Ferrol, que acada mínimos en relación con Galiza, estando hoxe por debaixo do 50% e polo tanto nuns niveis absolutamente insostíbeis de calquera punto de vista.

Os fitos máis importantes do desmantelamento do sector foron os seguintes:

1.- 1978. PACTOS DA CASTELLANA- o goberno da UCD asina un acordo cos sindicatos españois (UGT, CC.OO. e USO) no que se inclúe a prohibición en 1982 de que BAZÁN se dedique á construción naval civil.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- 1984 PSOE- Reestruturación dos estaleiros civís. Prohíbese a ASTANO a construción de buques mercantes. A comarca queda proscriba para a construción civil.

3.- 1986. PSOE- Plan de Viabilidade para Bazán. Período 1986 1989

4.- 1987. PSOE- Novo plan de reestruturación para os estaleiros civís asociado á 6ª directiva europea sobre axudas á construción naval civil. Período 1987 1989

5.- 1990. PSOE- Novo “Plan Complementario” do anterior asociado á 7ª directiva europea.

6.- 1995. PSOE- “Plan estratéxico de Competitividade”

7.- 1999. PP- “Plan de Futuro” que afecta a BAZÁN para o período 1999 2002

8.- 2001. PP- Creación de IZAR pola fusión dos estaleiros civís e militares. Desaparece ASTANO como empresa xuridicamente independente. Esta empresa de nova creación podería realizar construción civil, mais na práctica isto non afectou á comarca de Ferrol.

9.- 2005. PSOE- Liquidación de IZAR e creación de NAVANTIA. Fene xa non existe como centro separado con capacidade para realizar proxectos propios. Limitase a construción civil ao 20% da facturación en cómputo trianual.

Mais sobre as consecuencias deste plan convén non perder de vista dous aspectos de relevancia para o presente e futuro da construción naval na comarca de Ferrol: 1º as medidas de carácter restritivo da construción naval civil (20% da facturación) teñen unha duración de 10 anos, polo tanto xa superada; e 2º o expediente da Comisión Europea sobre a devolución das axudas dáse por rematado satisfactoriamente, como podemos comprobar nunha comunicación da propia comisión,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e, en segundo lugar, na memoria da SEPI correspondente ao ano 2008, na súa páxina 173.

1º Compromisos Estado español

"IP/05/649 Bruxelas, 1 de xuño de 2005

Axuda estatal: a Comisión aproba a reestruturación dos estaleiros militares públicos españois.

A Comisión Europea aprobou unha reorganización dos estaleiros militares públicos españois, de conformidade coas normas do Tratado CE que permiten aos Estados membros protexeren o seus intereses esenciais de seguridade relacionados coas industrias de defensa (artigo 296 do Tratado CE). Estes estaleiros, antes propiedade de IZAR, teñen sido trasladados recentemente a unha nova empresa denominada Navantia. Desta forma España pode protexer seus intereses esenciais de seguridade rescatando seus estaleiros militares, mais asegurando ao mesmo tempo que non se produzan distorsións indebidas da competencia no mercado da construción e reparación de buques civís. A decisión ten tamén en conta, no maior grao posíbel, os problemas sociais e rexionais que concorren neste caso.

A Comisaria de Competencia, Neelie Kroes, sinalou: "Trátase dun paso importante na reorganización do sector público español de construción naval. Xunghida á venda prevista dos estaleiros civís de IZAR e a unhas xenerosas medidas sociais, esta reorganización salvagarda as necesidades da construción naval militar en España e elimina as distorsións de competencia no sector civil da construción naval".

IZAR era até finais de 2004 a principal empresa de construción naval en España. Súa presenza estendíase a 11 centros situados en Galiza, Asturias, País Vasco,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Valencia, Murcia, Andalucía e Madrid. Contaba ao redor de 10.700 empregados. A produción militar supoñía arredor da metade das vendas.

Mediante dúas decisións adoptadas en 2004, a Comisión decidiu que determinadas axudas estatais a IZAR por valor de 864 M€3 non respectaban as normas comunitarias na materia e debían ser devoltas (véxase IP/04/633 e IP/04/1260). España invocou o artigo 296 do Tratado CE, que permite a un Estado membro "adoptaren as medidas que estime necesarias para a protección dos intereses esenciais da súa seguridade e que se refiran á produción ou o comercio de armas, municións e material de guerra", co fin de rescatar as actividades militares perante a prevista creba de IZAR. Este rescate se efectuaría transferindo os estaleiros militares de IZAR4 a unha nova empresa pública (Navantia).

En conversacións coa Comisión, España ten aceptado medidas e compromisos conforme ao artigo 298 do Tratado CE, e que terán unha vixencia de dez anos:

- as vendas civís de Navantia non excederán do 20% das vendas totais nunha media móbil de tres anos;

- Navantia comportarase nas súas actividades de acordo coas condicións de mercado. Por tanto, manterá unha contabilidade interna separada para as súas actividades civís e militares. Por cada contrato para un novo buque civil comunicárase á Comisión un cálculo de custos. No tocante á reparación de buques se lle informará con carácter anual;

- as actividades civís de Navantia non gozarán de axuda estatal ningunha, agás os créditos á exportación e a axuda ao desenvolvemento que cumpran os criterios do marco de axudas estatais á construción naval e da OCDE;





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- o emprego en Navantia non será superior a 5.562 persoas.

IZAR entrou en liquidación o 1 de abril de 2005. Os liquidadores teñen previsto vender os activos restantes (estaleiros de Xixón, Sestao e Sevilla e unha fábrica de motores de Manises). A venda destes activos realizarase en condicións de mercado, mediante procedemento aberto, transparente e incondicional, xa que doutro xeito os compradores poderían verse obrigados a aboar as cantidades da axuda estatal ilegal pendentes de devolución por parte de IZAR."

2º Peche expediente

"Peche pola Comisión Europea do expediente de infracción a 'IZAR Construcciones navales en liquidación.

Con data 18 de setembro de 2008 a Comisión Europea acordou o peche ou arquivo do expediente de infracción, Decisión ratificada oficialmente mediante escrito da D.X. de Competencia da Comisión Europea de 22 de outubro de 2008."

Malia esta situación a partir do ano 2013, co PP no goberno, comeza a anunciarse un novo plan de reestruturación que será impulsado e negociado durante os sucesivos gobernos do PP, e asinado finalmente en decembro do 2018 polo goberno do PSOE xurdido da moción de censura.

Nótese que para o ano 2018 estaba superado o prazo de 10 anos de restricións para a construción civil, e que o PSOE levaba menos de 6 meses no goberno, polo que asinou un plan negociado na súa integridade polos gobernos do PP, evidenciando que en canto á construción naval se refire PP e PSOE son perfectamente intercambiables, e que ambos comparten un deseño de empresa para Navantia (plasmado nese plan) dedicada á construción militar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En conclusión. Unha mestura de restricións europeas (hoxe vencidas) en favor da consolidación da construción naval nos estados centrais da UE; a dificultade de competir nos mercados mundiais contra os construtores asiáticos sen os necesarios instrumentos de intervención e regulación no mercado e na industria propios que compensen os que aplican eses estados; e políticas propias do estado español claramente favorables aos estaleiros do grupo situados na Bahía de Cádiz en detrimento dos centros galegos, son parte do contexto económico e socio-político no que se ven desenvolvendo o debate ao respecto do sector naval público na Ría de Ferrol.

Certamente no estaleiro de Fene están a desenvolverse contratos de natureza civil no sector da eólica mariña, mais isto non pode ocultar a evidencia de que non hai persoal da empresa principal prestando servizos nestas obras, o que fai sospeitar que non se trata de unha aposta con vocación permanente ou a futuro por parte da dirección de NAVANTIA, e sobre todo o feito de significar un volume de emprego, mesmo nas puntas de ocupación, moi por debaixo do que representa a construción naval civil, por non falar de outras características presentes na construción naval e das que adocece a eólica mariña, como por exemplo a diversidade de servizos e tarefas, ou seu nivel de tecnoloxía.

Como tampouco hai xeito de ocultar que os contratos relacionados co sector naval civil teñen como centro de referencia os da baía de Cádiz, enviando aos da ría de Ferrol, en certas situacións excepcionais, bloques dos barcos que posteriormente teñen que ser reenviados e reparados para a súa montaxe no estaleiro da baía, nunha operativa totalmente antieconómica mais que os xestores da empresa prefiren, evidentemente por directrices políticas, antes que “consentir” a construción de algunha unidade integramente na ría de Ferrol. O exemplo dos 4 petroleiros Suezmax está aínda na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

memoria de todos e todas nós, pero ven sendo unha constante durante estes últimos anos.

Mais todos estes factores teñen un lugar común que é preciso corrixir para poder salvar a comarca de Ferrol de se converter nun absoluto deserto: a asunción por parte dos partidos políticos españois dun deseño do sector naval público na nosa Ría restrinxido ao ámbito estritamente militar, e o que é máis preocupante, con carácter subalterno respecto de deseños alleos.

Por isto resulta especialmente importante a consecución dun acordo por parte de todas as forzas políticas neste Parlamento, que representan aos veciños e veciñas da comarca de Ferrol, a favor da promoción dun sector naval sen restricións e coas infraestruturas e os medios axeitados para competir en todos os segmentos de actividade que ofrece o sector naval e marítimo.

Por todas estas razóns, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a que, tendo en conta a relevancia socio-económica dos centros produtivos galegos da empresa pública NAVANTIA, reivindique e esixa a existencia dunha negociación real co goberno central, que teña en conta, como mínimo os seguintes aspectos:

1. Esixir a entrada da Xunta de Galiza no Consello de Administración de NAVANTIA
2. Garantir a viabilidade económica da empresa e dos seus centros produtivos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Activar ao máximo nivel a actividade comercial que permita alcanzar inmediatamente a suficiente carga de traballo para manter, e mesmo recuperar, o emprego de todos os cadros de persoal da industria auxiliar en NAVANTIA RÍA DE FERROL.

4. Aplicar unha correcta xestión empresarial e adoptar as medidas precisas nos ámbitos da definición estratéxica do negocio, da organización, da produción, medidas financeiras e de investimento, de enxeñería, deseño, innovación, e diversificación que permitan:

- Diseñar novos produtos dirixidos ao mercado da construción naval civil, nomeadamente no segmento dos cruceiros e do *off-shore*.
- Potenciar a Fábrica de Turbinas do centro de Ferrol, procurándolle participación nos contratos da eólica mariña, traballando para obtención de produtos propios no sector das turbinas para xeración de enerxía, e potenciando as súas posibilidades de mecanizado convertíndoo en taller central da empresa a nivel estatal que dea servizo a todos os centros.
- A construción de novos talleres, diques, e outras infraestruturas necesarias, para garantir o futuro do centro de NAVANTIA RÍA DE FERROL como Centro con plenas capacidades para a construción naval, tanto militar como civil, así como para garantir tamén a división de Reparacións e Carenas na Ría de Ferrol, conformando un Complexo Integral para a Construción Naval.
- Incluír aos cadros de persoal das compañías auxiliares en todas as medidas sociais e industriais que se adopten.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A incorporación inmediata como persoal propio da empresa principal de tantas persoas como marcharon ou está previsto que marchen por causa da aplicación do último plan de reestruturación posto en marcha en NAVANTIA.
- Poñer en marcha un Centro tecnolóxico do sector naval na Ría de Ferrol, coa participación da propia Xunta, SEPI, NAVANTIA, UDC, industria auxiliar, empresas fabricantes de equipamentos, etc
- Negociar de forma activa e efectiva coa Comisión europea a posibilidade de axudas á contratación na construción naval mentres non se poida garantir a igualdade de condicións para a contratación cos grandes competidores internacionais.”

Santiago de Compostela, 24 de setembro do 2020

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonso na data 24/09/2020 17:31:08

María do Carme González Iglesias na data 24/09/2020 17:31:24

Daniel Pérez López na data 24/09/2020 17:31:47

Ana Pontón Mondelo na data 24/09/2020 17:32:02



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Marina Ortega Otero** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

No ano 2006 o Goberno socialista crea a Lei de Promoción da Autonomía Persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, máis coñecida coma “Lei de Dependencia”. Trátase dunha lei que transforma unha realidade silenciada para dar solución aos coidados básicos da vida diaria en casos de persoas cunha dependencia.

Lamentablemente nos anos de goberno do Partido Popular no Estado, así coma nos últimos 11 anos na Xunta de Galicia, fixeron que esta lei sufrira recortes que a mudarían por completo.

Os prazos que a Lei establece son 3 meses para a resolución de grao e outros tres meses para a resolución do Programa Individual de Atención, ou o que é o mesmo 180 días como máximo.

En Galicia estamos lonxe de cumprir os prazos que por lei se establecen, polo que moitas persoas permanecen en agarda a que cheguen as súas resolucións sen percibir a libranza ou servizo que precisan e ao cal teñen dereito.

No últimos anos veuse incrementado a lista de agarda dun xeito preocupante, repercutindo negativamente no benestar e nos coidados básicos da vida diaria das persoas con dependencia en Galicia.

Ademais atopámonos inmersos nun momento complicado nun contexto da pandemia motivada pola Covid-19, que agravaba a situación moito máis se cabe. Persoas dependentes, das cales moitas continúan o confinamento nas súas casas, e outras moitas con graos III que xa o facían de xeito habitual debido as circunstancias.



Por todo elo é urxente que dende Galicia se aporten respostas e solucións a unha realidade silenciada, con recursos para atallar a situación coa maior celeridade posible.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que axilice os tempos de resolución mediante recursos para os equipos de valoración de dependencia así coma nos de tramitación dos expedientes.

Pazo do Parlamento, 24 de setembro do 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 24/09/2020 18:01:41

Julio Torrado Quintela na data 24/09/2020 18:01:52

Gonzalo Caballero Míguez na data 24/09/2020 18:01:59



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

A crise do coronavirus está provocando unha caída económica do PIB sen precedentes no noso país nun período de paz. No resto do mundo, en maior ou menor medida, prodúcese unha situación similar que é altamente probable que se vexa agravada pola situación sanitaria, lonxe de estar controlada na maior parte dos países.

A caída dos ingresos fiscais e o aumento dos gastos asociados ao coste dos ERTE, axudas aos autónomos, gastos extra do sistema sanitario e educativo, etc, etc, determinan unha situación financeira de extrema dificultade para todas as instancias e niveis territoriais do Estado.

A Unión Europea, consciente da envergadura do desafío, acadou recentemente acordos para facer un esforzo de solidariedade sen precedentes, enlazado cos fondos *Next Generation*, que xa antes da pandemia pretendían modernizar e dixitalizar a economía europea ao mesmo tempo que se facía unha aposta decidida pola transición ecolóxica e enerxética. O financiamento europeo ao que poida chegar a acceder España nos próximos anos -absolutamente crucial dada a difícil situación das arcas públicas- vai estar condicionada dun xeito aínda difícil de precisar pero que irá na liña de examinar a calidade e a execución dos proxectos que se pretendan impulsar con ese financiamento.

Nese contexto, é absolutamente fundamental que as administracións e o sector público en xeral sexan resilientes e eficientes no uso de recursos públicos cada vez máis escasos, o cal choca en Galicia coa ausencia dun sistema de control de xestión do gasto da Administración pública autonómica, limitándose as intervencións da Xunta a fiscalizar a regularidade administrativa (legalidade e dispoñibilidade orzamentaria) sen avaliar a eficacia e a eficiencia (é dicir, a consecución dos obxectivos, e o coste e alternativas desa consecución) como impón máis que nunca neste momento o principio básico de sometemento á obxectividade e ó interese xeral que vén establecido polo artigo 103 da Constitución.



Sen control de xestión da Administración pública, sen avaliación e medición reais da eficacia e da eficiencia das políticas da Administración autonómica, é imposible garantir un certo nivel de resiliencia que se demostra imprescindible ante fenómenos como a pandemia que estamos vivindo ou crises máis estruturais como a asociada á emerxencia climática ou aos cambios económicos e sociais que se están a vivir no século XXI.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

-O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a deseñar un plan de control de xestión (eficacia e eficiencia) das políticas autonómicas dotado cos correspondentes medios e persoal que permita afrontar mellor a actual crise e calquera que se poida producir no futuro, así como optimizar os recursos públicos escasos.

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 24/09/2020 17:54:40

Paloma Castro Rey na data 24/09/2020 17:54:59

Gonzalo Caballero Míguez na data 24/09/2020 17:55:10



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

O parque do Pasatempo de Betanzos é un dos monumentos mais singulares de Galicia e mesmo de España.

Pensado e realizado como un parque enciclopédico público polo benfeitor emigrado na Arxentina Juan García Naveira, coa colaboración do seu irmán, foi iniciado en 1893 e rematado en 1914 e nel os irmáns Naveira querían ensinar aos nenos e nenas como era o mundo que eles coñeceran nas súas múltiples viaxes. Nese senso é un parque didáctico, precursor dos parques temáticos, onde existen elementos de Exipto, a muralla chinesa, o canal de Panamá, estatuas romanas, esculturas de famosos escritores, a estatua da Caridade, a fonte das Catro Estacións..., e tamén inventos da tecnoloxía do momento porque alí está un dirixible, moito antes de que en Galicia voase ningún. Todo para reflectir lugares e feitos do mundo e da cultura universal, como afirma Alfredo Eiras.

E ademais era un lugar de esparcemento con máis de 9 hectáreas de extensión, labirintos vexetais, estanques, reloxos con distintos usos horarios, grutas subterráneas... incluso tivo un parque zoolóxico.

Foi unha iniciativa novidosa e única no seu xénero, que figuraba en todas as guías de viaxe do seu tempo.

O Concello de Betanzos solicitou ante a Xunta de Galicia a declaración do parque do Pasatempo coma Ben de Interese Cultural o 17 de marzo de 2017, expediente que tardou en resolverse case tres anos, aprobado o Decreto o 6 de febreiro de 2020 polo Consello da Xunta como ben inmovible coa categoría de xardín histórico. como un dos máximos expoñentes do eclecticismo en Galicia

O conselleiro de Cultura e Turismo, en declaracións aos medios indicou que “A Xunta traballará na redacción dun proxecto integral de rehabilitación, buscando para iso financiación exterior”, aludindo ás axudas estatais e precisando que as achegas a maiores que sexan precisas financiaranse ao 50 % entre o Concello e a Xunta de Galicia.

A alcaldesa de Betanzos recordoulle que, da primeira fase, a máis urxente, xa está elaborado o proxecto e que xa hai orzamento, e a Deputación Provincial da Coruña aprobou o pasado 17 de setembro un investimento de 500.000 euros para iniciar a recuperación do parque.



Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a acordar co Concello de Betanzos un plan integral de recuperación do parque do Pasatempo e as contías orzamentarias que achegará a Xunta de Galicia para executalo.

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/09/2020 18:21:25

Noa Susana Díaz Varela na data 24/09/2020 18:21:40

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/09/2020 18:22:10

Gonzalo Caballero Míguez na data 24/09/2020 18:25:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) presenta a seguinte **corrección de erros no documento con número de rexistro 1506**:

Na parte resolutiva onde dí:

“O Parlamento galego acorda, por resolución, constituír unha ponencia para elaborar unha proposta de consenso para ser defendida mediante negociacións bilaterais por parte da Xunta de Galiza ante o Estado de cara á negociación da distribución dos 140.000 millóns de euros procedentes da Unión Europea.”

Debe dicir:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a constituír unha mesa de traballo participada dos axentes sindicais, sociais e empresariais para elaborar unha proposta de consenso para ser defendida mediante negociacións bilaterais por parte da Xunta de Galiza ante o Estado de cara á negociación da distribución dos 140.000 millóns de euros procedentes da Unión Europea.”

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 28/09/2020 13:43:40





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

